



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de novembro de 2019**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día sete de novembro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(969).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 29 de outubro e ordinaria e extraordinaria e urxente do 31 de outubro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(970).- PRÓRROGA DO CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS DE “MANTEMENTO DE APLICACIÓNS EXTERNAS: XESTION DE RECURSOS HUMANOS E NÓMINA”. EXPTE. 8958/113.

Visto o informe xurídico do 25/10/19 e o informe de fiscalización do 30/10/19, dáse conta do informe-proposta do 18/10/19, asinado pola adxunta á Xefatura do Servizo de Admón. Electrónica, o xefe do servizo, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Antecedentes

O Contrato "Mantemento de Aplicacións Externas: Xestión de RR.HH. e Nómina" (expediente 8470-113), foi adxudicado mediante procedemento negociado sen publicidade, por acordo da XGL do 20-06-2018, á empresa *SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA*, por un prezo total do contrato de 100.052,00 euros, correspondendo 50.500,00 euros ao mantemento do software e 49.552,00 euros o prezo da asistencia e asesoramento técnico, segundo o seguinte detalle por partidas e exercicios:

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.2279902 (Mantemento)	2018	4.382,24 €	20.867,76 €	25.250,00 €
9207.2279902 (Mantemento)	2019	4.382,24 €	20.867,76 €	25.250,00 €
9340.2270602 (Horas)	2018	4.299,97 €	20.476,03 €	24.776,00 €
9340.2270602 (Horas)	2019	4.299,97 €	20.476,03 €	24.776,00 €

O contrato rematará o 31 de decembro de 2019.

II. Fundamentos de dereito

1. O artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbese polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

2. Neste contrato resulta que:
 - Na cláusula 7 "Prazo de execución", do PCAP, figura que: "*O presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista.*".
 - No apartado 4.C das FEC figura: "*Prórroga do contrato e en caso afirmativo duración: 1 prórroga dun ano de duración*".



Concello de Vigo

- Aínda que a prórroga é obrigada neste caso para o contratista, este comunicou o día 10-10-2019, por escrito, a aceptación da dita prórroga mediante o documento con nº de rexistro 190157066.

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 50.026,00 euros, dos cales 8.682,21 corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Partida		Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.2279902	(Mantemento)	2020	4.382,24 €	20.867,76 €	25.250,00 €
9340.2270602	(Horas)	2020	4.299,97 €	20.476,03 €	24.776,00 €

- 5 A empresa *SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA*, no transcurso do período contractual inicial desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio. Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de mantemento das aplicacións de xestión de RR.HH. e nóminas. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: *“En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”*

PROPOSTA

1. Autorizar a prórroga do contrato de Mantemento de Aplicacións Externas: Xestión de RR.HH. e Nómina (expediente 8470-113) polo período dun ano, conforme o TRLCSP e o apartado 4.c das FEC do PCAP do contrato, á empresa *SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA*.
2. Autorizar o gasto de 50.026,00 euros (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Partida		Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.2279902	(Mantemento)	2020	4.382,24 €	20.867,76 €	25.250,00 €
9340.2270602	(Horas)	2020	4.299,97 €	20.476,03 €	24.776,00 €

3. Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. Da Lei 29/98).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(971).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS (RELACIÓN Nº 9/2019). EXPTE. 12426/111.

Dáse conta do informe-proposta do 29/10/19, asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Contencioso. Expediente nº 10420/111
Sentenza nº 276 do 30 de setembro de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Ordinario: 57/2017
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolucións do 25/08/2016 ditadas nos expedientes tramitados por reclamacións económico-administrativas
Expte(s): 3978-550; 3998-550 e 4108-550
Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

A sentenza establece que o método de cálculo establecido polo Concello de Vigo no artigo 4 da Ordenanza Fiscal n.º 35 fixado no informe técnico-económico municipal resulta axustado á normativa europea e estatal e, en consecuencia, as liquidacións son correctas, confirmando tamén a actuación do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo.

O Servizo de Inspección de Tributos e o Tribunal Económico-A deben coñecer do resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 10986/111
Sentenza nº 302 do 7 de outubro de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Ordinario: 369/2017



Concello de Vigo

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución de data 28/07/2017 ditada polo T.E.A. sobre desestimación reclamación económico-administrativa

Expte(s): 4473-550 / 34472-502

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

A sentenza establece que o método de cálculo establecido polo Concello de Vigo no artigo 4 da Ordenanza Fiscal n.º 35 fixado no informe técnico-económico municipal resulta axustado á normativa europea e estatal e, en consecuencia, as liquidacións son correctas, confirmando tamén a actuación do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo.

O Servizo de Inspección de Tributos e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer do resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 10999/111

Sentenza nº 299 do 7 de outubro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Ordinario: 370/2017

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución de data 17/07/2017 ditada polo T.E.A sobre desestimación reclamación económico-administrativa

Expte(s): 4464/550 - 33779/502

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

A sentenza establece que o método de cálculo establecido polo Concello de Vigo no artigo 4 da Ordenanza Fiscal n.º 35 fixado no informe técnico-económico municipal resulta axustado á normativa europea e estatal e, en consecuencia, as liquidacións son correctas, confirmando tamén a actuación do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo.

O Servizo de Inspección de Tributos e o Tribunal E-Administrativo deben coñecer do resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 11475/111

Sentenza nº 271 do 30 de setembro de 2018

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Ordinario: 191/2018

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do TEA de data 29/01/2018 desestimatoria da reclamación económica formulada contra desestimación do recurso de reposición presentado contra providencia de apremio en relación co IBI.

Expte(s): 42368-512 e 4546-550

Contía: 89.169,94 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

A Administración de Tributos (IBI) e o Tribunal E-Administrativo deben coñecer o resolto.

5.- Social. Expediente nº 11749/111

Auto nº 108 do 17 de outubro de 2019

Xulgado do Social (Reforzo) nº 5 de VIGO

Despedimento/cesamento en xeral: 920/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Despido disciplinario contratación do servizo de vixilancia, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en distintas praias de Vigo.

Expte(s): 12941-306

Contía: 40,99 €

Este Auto declara inadmisíbel o recurso presentado polo demandante, porque a súa demanda non se axustaba ao esixido pola norma procesual. Carecía dunha relación de feitos e de fundamentos de dereito que permitise que as partes demandadas se defendesen adecuadamente.

Requirido polo órgano xurisdiccional para que emendase o escrito de demanda, se presenta un documento con feitos novos, que segundo o Xulgador non se emenda. Polo tanto, se archiva o procedemento.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto

6.- Social. Expediente nº 11750/111

Auto nº 109 do 17 de outubro de 2019

Xulgado do Social (Reforzo) nº 5 de VIGO

Despedimento/cesamento en xeral: 921/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Despido disciplinario contratación do servizo de vixilancia, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en distintas praias de Vigo. (Expte 12941-306).

Expte(s): 12941-306

Contía: 40,99 €

Este Auto que se comunica, considera que non se emendou a demanda que o actor presentara, por medio dun "home bó" (figura expresamente prevista na lexislación procesual laboral), por xerar indefensión nas partes demandadas.

Cando se presentou a demanda, non se pormiudaron os feitos e os fundamentos de dereito nos que se baseaba. Se lle outorgou un prazo para emendala, e o Xulgador considera que a demanda continúa a causar indefensión ás demandadas, porque non se aclara aquilo que se lle notificou ao demandante.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 11810/111

Sentenza nº 255 do 22 de outubro de 2019



Concello de Vigo

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Ordinario: 441/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución ditada o 06/09/2018 que acorda desestimar o recurso reposición contra outra resolución que declara que o camiño. Breadouro é de titularidade pública.

Expte(s): 2164/244

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta Sentenza, que non é firme, estima o recurso por razón da caducidade do expediente (FD 1º e parte final do 4º)

No substantivo a sentenza valida o acto recorrido e aínda o carácter demanial do camiño (inclusión no IMBD).

Entendemos que sería absurdo apelar (agás decisión motivada contraria), debe iniciarse, tramitarse e resolverse en prazo, un novo procedemento tendo en conta os FFDD 2º, 3º, e 4º (primeira parte) desta sentenza, así como aplicar a normativa de accesos ao DPM-T.

O departamento de Patrimonio-Inventario debe coñecer o resolto.

Igualmente a XMU- Disciplina debe coñecer o resolto (expedientes 15646 e 11152-423...).

8.- Contencioso. Expediente nº 12034/111

Decreto do 23 de outubro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 94/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio dos recursos de reposición interpostos contra sancións por infracción de tráfico.

Expte(s): 188617351 - 188617214

Contía: 445,90€

Acepta o desistimento da actora.

As sancións foron revogadas por resolución do 07/08/2019 (é preciso verificar a devolución do ingresado o 17-12/2018, folios 84 e 85 do expediente administrativo).

O Ministerio Fiscal está valorando as eventuais consecuencias da inveracidade da identificación da conductora.

Entendemos que é necesario esixir (precisar e mellorar) a identificación persoal do/a indetificador/a do/a conductor/a, para poder evitar situacións como a deste recurso (e algún outro).

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 12075/111

Sentenza nº 251 do 9 de outubro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 121/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do TEA do Concello de Vigo de data 25/02/2019 desestimatoria da reclamación económico-administrativa formulada contra a desestimación do recurso de reposición presentado contra providencia de apremio relativa ao imposto sobre bens inmobles do ano 2018.

Expte(s): 4830-550

Contía: 91.096,70 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso, con imposición de custas á demandante, validando as actuacións municipais en vía de prema.

A Recadación Executiva e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 12158/111

Sentenza nº 318 do 14 de outubro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 178/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta da solicitude formulada o 28/06/2019 de reclamación de xuros pola demora no pagamento das certificacións de obra derivas do contrato público mellora da rede separativa de pluviais e renovacións dos pavimentos peonís e de rodadura en subida a Madroa e na rúa Manuel Costas Bastos, subida Mouteira en Bembrive e a rúa Seixo en Beade, rúas Rotea de Abaixo, Gandarón, Cño Fermín e Bagunda, rúa Santa Mariña, Cño Fondo en Castrelos e humanización da Rúa Pedreira.

Expte(s): 2501-440

Contía: 1.896,71 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e condena ao Concello ao pagamento de 1.896,71 €, mais xuros legais desde a data da reclamación administrativa (28-6-2018) se ben este extremo é contradictorio co que se contén no FD 5º (desde a interposición do recurso) cuestión da que solicitaremos corrección ou aclaración.

O departamento de Fomento debe executar o resolto, en tempo e forma.

11.- Contencioso. Expediente nº 12165/111

Auto nº 932019 do 10 de outubro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 181/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta da solicitude formulada o 28/06/2018 de reclamación de xuros pola demora no pagamento da execución da obra "Obras de accesibilidade a colexios públicos"

Expte(s): 16199-332

Contía: 147,99 €



Concello de Vigo

Declara a desaparición sobrevida do obxecto do recurso (por resolución do 18-9-2019 expresa e serodía da reclamación por, importe de 107,99 + 40 €)

O departamento de Contratación e Educación deben coñecer o resolto, en tempo e forma.

12.- Contencioso. Expediente nº 12168/111
Sentenza nº 252 do 17 de outubro de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 188/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Inactividade do Concello de Vigo no referente á execución das resolucións ditadas pola Concellería de Medio Ambiente o 05/12/2017 e 09/05/2018 que ordena execución pola deficiente condición de limpeza, salubridade e ornato dos terreos sitios no camiño Pomba Valadares Vigo propiedade de SEROMAR GALICIA, SA.
Expte(s): 16004-310
Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, que é firme por contía, desestima o recurso e considera que non concorre a inactividade municipal, posto que se acreditou a imposición de dúas multas coercitivas.

O obxecto do discutido era a pretensión do demandante de que se procedese á execución subsidiaria polo Concello da limpeza dunha finca, no canto de que a administración exercese as súas potestades e decidise cal é o medio de execución máis adecuado ao interese municipal.

A sentenza considera tamén cuestionable a lexitimación do demandante xa que por medio da resolución que impoñía a obriga á propiedade da finca, non se lle recoñecía ningún dereito ao demandante, esixible fronte ao Concello.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso deste administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(972).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO. EXPTE. 160/441.

Visto o informe de fiscalización do 29/10/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 28/10/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa de Don Bosco (160-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa de Don Bosco (160-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de maio de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO", redactado polo arquitecto D. Pablo Menéndez Paz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS CINCUENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.852.238,72€) e sinatura dixital de data 23.11.2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 29 de abril de 2019.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “UN MILLÓN OITOCENTOS CINCUENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.852.238,72 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 321.462,92 €.

Trátase dunha obra de carácter plurianual. Para a súa financiación, aplicaranse o créditos do orzamento do Concello de Vigo dos anos 2019 e 2020, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.04 do orzamento municipal (humaniz ronda don bosco), coa seguinte distribución por anualidades:

2019: 600.000,00€

2020: 1.252.238,72€

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 208,71%

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 15 de outubro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial de Vías e Obras, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal o 7 de outubro de 2019:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
3. DRAGADOS, S.A.
4. UTE ORECO, S.A.U. – ELECTRICIDAD EYP

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa de Don Bosco (160-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,78
2	UTE OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. e ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA (ASAI)	91,72
3	EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A.	90,38
4	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	86,90
5	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	51,65
6	COPCISA, S.A.	43,98
7	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	34,98

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 16 de outubro de 2019, que presenta a documentación requirida o 24 de outubro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de outubro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 27 de agosto e 7 de outubro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da resolución da concelleira delegada de Contratación de data 15 de outubro de 2019 pola que se acorda a exclusión dos licitadores que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados:*
 - a) CIVIS GLOBAL, S.L.
 - b) CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
 - c) DRAGADOS, S.A.
 - d) UTE ORECO, S.A.U. – ELECTRICIDAD EYP

2. *Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa de Don Bosco (160-441) por un prezo total de 1.516.983,51 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 263.278,13 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(973).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS DE TRABALLO E FERRAMENTAS NECESARIAS PARA O MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E AS SÚAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO DEPARTAMENTO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 11802/446.

Visto o informe de fiscalización do 28/10/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 28/10/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto do subministro de materiais de traballo e ferramentas necesarias para o mantemento das zonas verdes e as súas instalacións dependentes do departamento de Montes, Parques e Xardíns (expediente 11.802-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do subministro de materiais de traballo e ferramentas necesarias para o mantemento das zonas verdes e as súas instalacións dependentes do departamento de Montes, Parques e Xardíns (expediente 11.802-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de xullo de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do subministro de materiais diversos por lotes, así como os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de outubro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes I, II, III e IV deste procedemento aberto para a contratación do subministro de materiais de traballo e ferramentas necesarias para o mantemento das



Concello de Vigo

zonas verdes e as súas instalacións dependentes do departamento de Montes, Parques e Xardíns (expediente 11.802-446) na seguinte orde descendente:

- **LOTE I: Material de ferretería**

	Licitador	Porcentaxe de baixa
1	GARCIVENTA, S.L.	25,00%

- **LOTE II: Material de construción**

	Licitador	Porcentaxe de baixa
1	GARCIVENTA, S.L.	21,00%

- **LOTE III: Material eléctrico**

	Licitador	Porcentaxe de baixa
1	GARCIVENTA, S.L.	25,00%

- **LOTE IV: Material fontanería e rega**

	Licitador	Porcentaxe de baixa
1	SALTOKI GRANOLLERS, S.L.	35,00%
2	GARCIVENTA, S.L.	25,00%

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, GARCIVENTA, S.L. (lotes I, II e III) e SALTOKI GRANOLLERS, S.L. (lote IV), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, GARCIVENTA, S.L. (lotes I, II e III) e SALTOKI GRANOLLERS, S.L. (lote IV), o día 4 de outubro de 2019, que presentaron a documentación requirida nas datas 7, 8 e 18 de outubro de 2019 (o primeiro) e 18 de outubro (o segundo), ambos dentro do prazo concedido.

Revisada a anterior documentación pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de outubro de 2019, esta acordou conceder un prazo de tres días a SALTOKI GRANOLLERS, S.L. (lote IV) para que emendase a acreditación da solvencia técnica. Dentro do prazo concedido o licitador presentou nova documentación.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de outubro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar GARCIVENTA, S.L. (lotes I, II e III) e SALTOKI GRANOLLERS, S.L. (lote IV), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GARCIVENTA, S.L. (lotes I, II e III) e SALTOKI GRANOLLERS, S.L. (lote IV), de acordo co informe de valoración da proposicións avaliábeis fórmula de data 30 de setembro de 2019.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Adxudicar a GARCIVENTA, S.L. os lotes I, II e III do procedemento aberto do subministro de materiais de traballo e ferramentas necesarias para o mantemento das zonas verdes e as súas instalacións dependentes do departamento de Montes, Parques e Xardíns (expediente 11.802-446) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do lote I “Material de ferretería” é de 18.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.123,97 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 25% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no anexo do prego de prescricións técnicas para este lote.*
 - b) *O prezo total do lote II “Material de construción” é de 36.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.247,93 euros, e cunha porcentaxe de*



Concello de Vigo

desconto do 21% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no anexo do prego de prescricións técnicas para este lote.

c) *O prezo total do lote III "Material eléctrico" é de 6.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.041,32 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 25% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no anexo do prego de prescricións técnicas para este lote.*

2. *"Adxudicar a SALTOKI GRANOLLERS, S.L. o lote IV "Material fontanería e rega" do procedemento aberto do subministro de materiais de traballo e ferramentas necesarias para o mantemento das zonas verdes e as súas instalacións dependentes do departamento de Montes, Parques e Xardíns (expediente 11.802-446) por un prezo total de 40.000,00 euros sendo a cota correspondente ao IVE de 6.942,15 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 35% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no anexo do prego de prescricións técnicas para este lote.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(974).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATALOGACIÓN E PROXECTO PILOTO PARA A DIXITALIZACIÓN DO ARQUIVO MUNICIPAL. EXPTE. 8629/113.

Visto o informe de fiscalización do 28/10/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8.629-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8.629-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de xuño de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo para a catalogación dos fondos e proxecto/plan dixitalización do arquivo xeral e arquivo XMU

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado en data 04/06//2019.

TERCEIRO.-Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 16/05/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

CUARTO.- Autorizar o gasto de 280.000,00 €, que inclúe un IVE de 48.595,04 € , dende o 15 de Xullo de 2019 , o cal se imputará ás seguintes partidas e exercicios

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVA</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
<i>9207.6400002</i>	<i>2019</i>	<i>17.355,37 €</i>	<i>82.644,63 €</i>	<i>100.000,00 €</i>
<i>9207.6400002</i>	<i>2020</i>	<i>31.239,67 €</i>	<i>148.760,33 €</i>	<i>180.000,00 €</i>

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de outubro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8.629-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	REPROUTLET, S.L.	75,69
2	XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.	68,00
3	SEVERIANO MÓVIL, S.A.U.	54,09

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, REPROUTLET, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*



Concello de Vigo

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, REPROUTLET, S.L, o día 11 de outubro de 2019, que presenta a documentación requirida o 24 de outubro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de outubro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar REPROUTLET, S.L, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por REPROUTLET, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 3 e 9 de outubro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a REPROUTLET, S.L. o procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8.629-113) coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 249.513,28 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 43.303,96 euros.*
- *Inclúe no Proxecto Piloto de Dixitalización a dixitalización dos seguintes fondos prioritarios especificados no PPT:*
 - *Libros de actas Plenos*
 - *Libros de actas Comisión Municipal Permanente*
 - *Índices Plenos*
 - *Índices Comisión Municipal Permanente*
 - *Padrón habitantes -Carpetas de aneis (follas embolsadas individualmente)*
 - *Padrón habitantes -Libros de diversos formatos*
 - *Listas de embarque -Un archivador A-Z (moi mal estado de conservación)*
 - *Índices do arquivo -2 carpetas de aneis (de uso diario)*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(975).- BASES, CONVOCATORIA E EXTRACTO DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO (EOIV), ANO 2020. EXPTE. 23807/332.

Visto o informe de fiscalización do 28/10/19, dáse conta do informe-proposta do 21/10/19, asinado polo técnico medio de Actividades Culturais, a xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Seguindo instrucións do Concelleiro Delegado da área de Educación e Xuventude, iniciáronse os contactos coa dirección da “Escola Oficial de Idiomas de Vigo “ (EOIV), para colaborar novamente nunha edición máis con esta institución educativa no desenvolvemento do Programa de estancias lingüísticas no estranxeiro que promove ese Centro. Cómpre sinalar que esta iniciativa municipal supón unha continuidade na prestación da mesma, xa que en cumprimento da vontade manifestada pola Alcaldía de Vigo, o Concello de Vigo ben colaborando coa EOIV de xeito continuo e ininterrompido dende o ano 2009, mediante a convocatoria de axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais destinadas a financiar as actividades do programa formativo de inmersión lingüística en destino para o alumnado da EOIV que, cumprindo os requisitos específicos da convocatoria, posúe un mellor currículo académico.



Concello de Vigo

Para esta finalidade, a EOIV elaborou un programa marco (**achégase Acta da reunión do 26/06/2019 da EOIV presentada no rexistro electrónico co código de solicitude W371087-4692 e co nº de doc 190134947 en data de entrada 02/09/2019**), que figura como Anexo IV nas Bases que se inclúen no presente expediente, consistente no desenvolvemento dun curso de perfeccionamento en inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés e chinés, cunha estancia de dúas semanas de duración en cidades do Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China. Esta institución calculou asemade, mediante consulta a provedores deste tipo de servizos, os custos/persoa para o desenvolvemento do programa e propuxo o número de beneficiarios/as das bolsas para cada lingua estranxeira.

Achégase ao presente expediente cadro ou estimación económica, tendo en conta prezos de mercado e balances das edicións anteriores, que serve de base para a determinación da contía, sobre a cal se fixaron as cantidades para cada bolsa, e finalmente foi redistribuída a contía total dispoñible entre os diversos destinos, e en función do número de bolsas para cada un deles.

O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE publicada no BOE nº 295 do 10/12/2013), que modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE), no seu preámbulo XII indica que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira se amosa como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingüe, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

O artigo 8 “cooperación entre administracións” da LOE , recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuir aos fins establecidos nesta lei.

O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional, que sen dúbida algunha constitúe un valor engadido e factor determinante no futuro acceso ao mercado laboral, porque incide claramente na maior cualificación e formación deste alumnado para facer fronte aos retos da sociedade global que demanda maior manexo e dominio doutras linguas.

En consecuencia estas estadías lingüísticas no estranxeiro, posúen un grande valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez noutras linguas e potenciar a capacidade comunicativa nas mesmas, convertindo ao alumnado de Vigo, ao entrar e contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, todo o alumnado da EOIV beneficiario destas bolsas municipais levará ao país de destino in-

formación de carácter turístico de Vigo e camisetas alusivas á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento das actividades formativas nas localidades de inmersión lingüística, e igualmente achegarán ao persoal educativo responsable dos distintos centros académicos formativos e residencias de estudantes en destino, distinto soporte documental específico en diversos formatos (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Logo da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL que modifica o artigo 25 da Lei 7/1985 LR-BRL, o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.
- Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova convocatoria das bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV para o ano 2020, que nas súas edicións anteriores ten acadado óptimos resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación noutras linguas do alumnado vigués. Igualmente as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan aos atribuídos á competencia local, e así o prevén os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997.

Con estas premisas, dende este Servizo Municipal de Educación, en contacto coa dirección da EOI de Vigo, redactáronse as Bases da convocatoria de Bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2020, cuxa proposta de clausulado da convocatorial, obra no expediente **23807-332**.

O obxecto da proposta desta convocatoria de axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión das bolsas “Concello de Vigo” nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei



Concello de Vigo

38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, adxúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A concesión destas bolsas de estudos efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En atención á especificidade da subvención e de acordo co disposto no artigo 20. 2. a) LSG as bases reguladoras da subvención inclúense na convocatoria da mesma.

As Bases recollen todos os elementos necesarios para a selección dos beneficiarios/as das seguintes bolsas. As contías das bolsas son diferenciais en función do país de destino, habida conta de que os custos das actividades varían segundo sexa a estancia nun ou noutro país. As bolsas non tratan de cubrir todos os custes, senón aqueles que se estiman dentro dos elegibles e que constan nas bases.

Tramítase esta convocatoria de subvencións como anticipado de gasto, que establece como límite superior das dotacións a cantidade de 175.000.-€ que será aplicado como anticipado de gasto con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 (Becas estudos internacionais EOIV) do exercicio de 2020, quedando esta contía de 175.000.-€ supeditada á disponibilidad de crédito axeitado e suficiente no intre da resolución da concesión e nese exercicio orzamentario futuro de 2020 (de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006 que aproba o regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións).

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis	Contía/bolsa euros	Importe total euros
66	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	112.200,00
11	Francia	B1, B2, C1, C2	2.000,00	22.000,00

6	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
6	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
4	Portugal	B2, C1, C2	1.600,00	6.400,00
4	Xapón	B1, B2	2.000,00	8.000,00
3	China	B1, B2	2.000,00	6.000,00
100				175.000,00 €

Tal e como se indica na primeira das Bases, os conceptos subvencionables para cada bolsa son os seguintes:

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas en calquera cidade elexida libremente polo bolseiro/a pertencente aos países de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China.

- Gastos da viaxe de ida e volta en avión dende o aeroporto de Vigo ata a cidade do destino elexida libremente polo bolseiro/a nos países indicados nos que se desenvolverá o programa, agás Portugal cuxo desprazamento poderá ser en avión, tren ou autobús, dende a cidade de Vigo.

O voo dende Vigo poderá aterrizar nunha cidade diferente do país de destino, completando o desprazamento ata a cidade de destino final noutro medio de transporte público.

Nos destinos no Reino Unido e Irlanda, está incluído acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas, e o desprazamento en autobús o 1º e último día dende o aeroporto ate a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Reino Unido / Irlanda.

- Os desprazamentos internos ao longo da estadía formativo lingüística quedan excluídos do programa.

- Matrícula e custe do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.

- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

- Aloxamento en hostais, residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos con habitación dobre compartida e baño compartido.

- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Dun xeito resumido, as características básicas das bolsas son as seguintes:

- Dirixidas ao alumnado que curse os seus estudos no presente curso académico 2019-2020, na sede central da EOIV (r/ Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións, en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés e alemán; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas italiano e portugués; e en calquera dos cursos



Concello de Vigo

dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 dos idiomas chinés e xaponés. Establécese un número de bolsas aproximadamente proporcional ao número de alumnos/as matriculados na EOIV nas distintas especialidades.

- Financiarase, ata o límite económico indicado para cada bolsa, a realización íntegra do “programa de Estancias Lingüísticas no Estranxeiro” promovido pola EOI de Vigo. Este programa esencialmente consta da estancia, alternativamente, en cidades de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China, coa realización dun curso especializado de perfeccionamento no idioma respectivo, impartido por unha entidade homologada no país de destino.
- Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a, podería aplicarse a retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.
- A realización efectiva por parte do alumnado do programa subvencionado deberá realizarse dentro do ano 2020 e, consecuentemente, a xustificación da subvención, deberá realizarse antes do remate do mes de setembro do ano 2020.
- Establécese un procedemento de selección de beneficiarios/as mediante a aplicación dun baremo expreso e dictame dunha comisión de valoración formada por técnicos do Concello de Vigo e da EOIV, presidida polo Concelleiro-Delegado de Educación e Xuventude.

Para acometer o gasto global de 175.000.-€ na convocatoria do ano 2020, tramítase esta convocatoria de subvencións como anticipado de gasto con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 (Becas estudos internacionais EOIV) do exercicio de 2020, quedando esta contía de 175.000.-€ supeditada á disponibilidad de crédito axeitado e suficiente no intre da resolución da concesión e nese exercicio orzamentario futuro de 2020 (de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006 que aproba o regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións)

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as Bases reguladoras da Convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2020.

SEGUNDO: Aprobar o texto da Convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2020, e o extracto da mesma, que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvenciones, en base ó establecido na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención xeral

da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto de 175.000 euros con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 "Becas estudos internacionais EOIV" do ano 2020, para a cobertura das 100 bolsas "Concello de Vigo" de estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2020, quedando esta contía de 175.000.-€ supeditada á disponibilidad de crédito axeitado e suficiente no intre da resolución da concesión e no exercicio orzamentario futuro de 2020.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2020.

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación de bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, entre o alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico, en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés e alemán; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas italiano e portugués; e en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 dos idiomas chinés e xaponés; a fin de que participe nun programa educativo no país do idioma correspondente.

A finalidade destas bolsas é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

- *Estancia durante dúas semanas en calquera cidade elexida libremente polo bolseiro/a pertencente aos países de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China.*

- *Gastos da viaxe de ida e volta en avión dende o aeroporto de Vigo ata a cidade do destino elexida libremente polo bolseiro/a nos países indicados nos que se desenvolverá o programa, agás Portugal cuxo desprazamento poderá ser en avión, tren ou autobús, dende a cidade de Vigo.*

O voo dende Vigo poderá aterrar nunha cidade diferente do país de destino, completando o desprazamento ata a cidade de destino final noutro medio de transporte público.

Nos destinos no Reino Unido e Irlanda, está incluído acompañamento de monitor/a da empresa provedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas, e o desprazamento en autobús o 1º e último día dende o aeroporto ate a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Reino Unido / Irlanda.

- *Os desprazamentos internos ao longo da estadía formativo lingüística quedan excluídos do programa.*

- *Matrícula e custe do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.*



Concello de Vigo

- *Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.*
- *Aloxamento en hostais, residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos con habitación dobre compartida e baño compartido.*
- *Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.*

Estas bolsas municipais non contribuirán a sufragar gastos distintos aos estritamente mencionados no parágrafo anterior.

O programa deberá realizarse, dentro do ano 2020, e nunca despois do remate do mes de setembro do ano 2020.

A concesión destas subvencións se efectuará baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, tal como dispoñen os artigos 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

SEGUNDA.- Número de bolsas, destinos e contía

A contía máxima de cada bolsa será a seguinte:

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis do alumnado beneficiario	Contía/bolsa .-€	Importe total .-€
66	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	112.200,00
11	Francia	B1, B2, C1, C2	2.000,00	22.000,00
6	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
6	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
4	Portugal	B2, C1, C2	1.600,00	6.400,00
4	Xapón	B1, B2	2.000,00	8.000,00
3	China	B1, B2	2.000,00	6.000,00
100				175.000,00 €

No caso de non se cubriren a totalidade das bolsas para algún dos idiomas estranxeiros propostos nas presentes bases, as bolsas vacantes acumularanse automaticamente e coa mesma dotación económica da bolsa que xerou a vacante a calquera das outras linguas estranxeiras que presenten lista de agarda.

E serán ordenadas co criterio preferente de maior puntuación final obtida dos alumnos/as incluídos na lista de agarda de calquera dos outros idiomas. No caso de producírense empates na puntuación final, serán seleccionados aqueles solicitantes incluídos na lista de agarda cuxa renda sexa menor. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de menor idade.

O importe da bolsa deberá ser destinado na súa totalidade e exclusivamente ao financiamento do programa de estancias lingüísticas no estranxeiro aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo, para esta convocatoria 2020, cuxa síntese se inclúe como ANEXO IV das presentes bases. O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 175.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 3260.489.00.10 "Becas estudos internacionais EOIV" do exercicio de 2020, quedando esta contía de 175.000.-€ supeditada á dispoñibilidade de crédito axeitado e

suficiente no intre da resolución da concesión e no exercicio orzamentario futuro de 2020 (de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006 que aproba o regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións) .

TERCEIRA.- Publicidade e prazo

Consonte á normativa legal vixente, as presentes bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será quen lle dea traslado ao BOP do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción nas páxinas web e nos taboleiros oficiais de anuncios do Concello (www.vigo.org) e da EOIV, e igualmente mediante a inserción do anuncio da convocatoria nun diario local impreso de maior tirada.

A resolución que acorde a concesión das bolsas, con expresión do/a alumno/a solicitante, expediente, finalidade da axuda (Bolsas Concello de Vigo ano 2020) e a resolución atribuída (concedida, denegada ou lista de agarda), publicarase nos taboleiros de anuncios e webs citadas de acordo co disposto no artigo 15.2.c) da lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

CUARTA.- Procedemento da concesión

O procedemento para a concesión destas bolsas será o de concorrencia competitiva, conforme aos principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación, que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- Beneficiarios/as e requisitos

1. Os beneficiarios/as da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, da EOI de Vigo, que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

I.- Estar empadroado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 1 de xaneiro 2019, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.

II.- Ter a maioría de idade legal de 18 anos na data de fin do prazo de presentación de solicitude da bolsa.

III.- Estar matriculado/a na sede central EOI de Vigo (r/Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións nos idiomas inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés ou chinés no curso 2019-2020.

IV.- Ter aprobados dous cursos oficiais presenciais na EOI de Vigo nos últimos 5 cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa.

V.- Non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.

VI.- Non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOI de Vigo nas anteriores edicións no mesmo idioma, ou nos últimos cinco cursos académicos nun idioma diferente.

VII.- Non ter gozado nos cinco últimos anos dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade.

VIII.- Que se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos



Concello de Vigo

agás oposición expresa do interesado que reflectirá no/s apartado/s correspondente/s no reverso do Anexo I, en cuxo caso xuntará a/s certificación/s que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

IX.- Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.

X.- Estar situado nun lugar da orden de prelación de solicitudes que lle permita a obtención dunha das bolsas convocadas.

2. Deberán solicitar as prazas os/as alumnos/as interesados.

3. As bolsas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremos que se recollen nas presentes Bases. As solicitudes que cumprindo os requisitos non sexan seleccionadas serán incluídas automaticamente nunha lista de agarda en función da puntuación obtida.

4. Serán obrigas dos beneficiarios das bolsas, as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e as que se sinalan nestas bases reguladoras e convocatoria específica.

SEXTA.- Compatibilidade

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados durante o ano 2020, comprometéndose o/a solicitante a comunicalo e a reintegrar a axuda ao Concello de Vigo no caso de tela recibido.

SÉTIMA.- Solicitudes e documentación

1. Solicitudes:

Os alumnos e alumnas que desexen optar á axuda poderán recoller o modelo de solicitude (Anexo I) no Servizo de Educación do Concello de Vigo situado na Praza do Rei, s/n (11º andar), nas dependencias da EOIV, ou ben descargarlos da páxina web www.vigo.org, no seu apartado de Educación.

Posteriormente, e sempre antes de que finalice o prazo establecido no punto terceiro, deberán presentar a antedita solicitude e demais anexos debidamente cubertos, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n, 36202 Vigo) ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Os/as solicitantes poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidas.

No caso de que a solicitude sexa enviada por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder a súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar ao Servizo de Educación (986810181) xustificante do envío postal, a través do e-mail "vigoeningles@vigo.org"

A presentación da solicitude desta axuda levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación nas páxinas web do Servizo de Educación do Concello de Vigo e da EOIV así como nos taboleiros de anuncios oficiais de ámbalas dúas institucións.

2. Documentación:

- *Solicitud da praza debidamente cuberta e asinada segundo o modelo que figura no **Anexo I**.*
- *2 Fotocopias simples do DNI do solicitante ou pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia simple da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).*
- *Xustificación de ingresos: Únicamente aqueles que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da Unidade familiar. Aqueles que non presenten a documentación acreditativa de ingresos ou situación económica de renda e patrimonio, dentro do prazo establecido, suporá a renuncia implícita de ser valorado neste apartado do baremo que se recolle no punto oitavo, e se lle outorgará cero puntos.*
- *Certificación académica orixinal da EOI de Vigo na que conste:*
 - *A cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da media dos 2 últimos cursos oficiais presenciais aptos realizados nesta Escola, e desenvolvidos nos 5 últimos cursos académicos, no idioma no que solicita a bolsa.*
 - *Que está matriculado na EOI de Vigo no curso 2019-2020.*
- *Fotocopia simple do libro de familia completo na que figuren todos os membros da unidade familiar (no caso de non ter libro de familia terá que presentarse documentación que acredite o número de membros da unidade familiar) ou acreditación de outras circunstancias familiares especiais co achegamento da fotocopia simple do título de familia numerosa en vigor, convenio regulador ou sentenza de separación para acreditar a condición de familia monoparental, se é o caso.*
- *Certificados que acrediten que o/a solicitante está ao corrente nas súas obrigas fiscais coa Axencia tributaria estatal, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Seguridade Social; solo para os solicitantes que se opoñan expresamente á consulta e verificación telemática dos seus datos. Así mesmo, autorízase expresamente ao Concello a obter os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas fiscais e Seguridade Social.*
- *A situación dos compoñentes ou integrantes da unidade familiar individual comprobarase de oficio pola propia administración mediante a emisión do certificado municipal de empadramento.*
- *Certificado de periodos de inscrición do Servizo Público de Emprego Galego que acredite a situación de desemprego e Informe de Vida Laboral da Tesorería Xeral da Seguridade Social.*
- *Declaración responsable de non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos, segundo o modelo que figura no **Anexo II**.*
- *Declaración responsable de non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOIV, segundo o modelo que figura no **Anexo II**.*



Concello de Vigo

- *Declaración responsable de non ter gozado dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade nos cinco últimos anos, segundo o modelo que figura no **Anexo II**.*
- *Documentación acreditativa do nº de conta bancaria co IBAN do/a solicitante.*
- *No caso de que o solicitante precise de atencións médicas especiais (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias, etc.), deberá presentar un certificado médico orixinal que así o acredite.*

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

A obtención e desfrute da bolsa municipal falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impidiran, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da bolsa concedida, e a esixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Tramitación e reparación de erros.

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa dos mesmos, e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) para que no prazo de 10 días hábiles (contados a partir da recepción da notificación vía correo ordinario ou correo electrónico), emende a falta ou achegue os documentos requiridos; e se lle informará de que no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

NOVENA.- Criterios de valoración

A selección das solicitudes determinarase mediante os seguintes criterios:

- *A maior cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da media dos 2 últimos cursos oficiais presenciais aptos realizados nesta Escola, e desenvolvidos nos 5 últimos cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa.*
- *Engadiranse á cualificación final acadada, franxas de 0,25 puntos por cada curso aprobado na EOIV nos últimos cinco cursos académicos, contados a partires do 3º inclusive, no idioma no que se solicite a bolsa.*
- *Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa, 0,5 puntos por estar cursando o segundo curso do nivel avanzado C1 dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano, o nivel avanzado C1 do idioma portugués, o primeiro curso do nivel intermedio B2 do idioma chinés e o segundo curso do nivel intermedio B2 do idioma xaponés.*
- *Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa, 0,5 puntos por estar cursando o nivel avanzado C2.*
- *Pol a situación laboral de desemprego do/a alumno/a solicitante:*

–No caso de levar en situación laboral de desemprego máis de 12 meses ininterrompidos = 1 punto.

–No caso de levar en situación laboral de desemprego menos de 12 meses = 0,5 puntos.

▪Ao alumno/a solicitante con ingresos anuais per cápita iguais ou menores ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) fixado para o 2019, en 7.519,59.-€/ano, outorgarase ata un máximo de 1 punto.

O ingreso anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes, e ten a consideración de ingresos totais a suma da base impositiva xeral máis a base impositiva de aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada un dos membros da unidade familiar.

▪A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, de xeito que se outorgarán as seguintes puntuacións sumadas á da cualificación:

-Categoría Especial = 1 punto

-Categoría Xeral = 0,5 puntos

▪A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia monoparental, outorgarase ata un máximo de 0,5 puntos.

▪Con todo, no caso de producírense empates na cualificación final, serán seleccionados aqueles solicitantes cuxa renda sexa menor, ordenándose a lista por este criterio para adxudicar as bolsas restantes e tamén a lista de agarda. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de menor idade. As bolsas serán adxudicadas, coas proporcións por idioma que se conteñen nestas Bases.

▪Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, e, se é o caso, trala valoración do nivel de renda e a aplicación ás listas do seu resultado, formarase unha lista de agarda ordenada pola puntuación final obtida para o caso de que existan baixas ou renuncias na lista inicial seleccionada en cada un dos idiomas obxecto desta convocatoria.

Para o caso de que, unha vez adxudicadas, haxa prazas vacantes por renuncia, serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda, que seguirá o procedemento establecido na presente cláusula.

DÉCIMA.- Comisión de valoración

Coa finalidade de examinar e avaliar a documentación presentada polos solicitantes, constituírase unha Comisión de valoración que estará integrada polo Concelleiro Delegado de Educación e Xuventude, D. Gorka Gómez Díaz que actuará de presidente; a Xefa do Servizo de Educación, Dña. M^a José Loureiro Bada e o Técnico do Servizo de Educación, D. Pedro M^a Vázquez Iglesias, que actuará como secretario; serán vocais da mesma, o Director da EOIV, D. Dionisio Martínez Soler e o Vicedirector da EOIV, D. Felipe Domínguez Presa.

Este órgano colexiado avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto noveno, e inicialmente emitirá unha proposta de resolución provisional, na que se concretará o resultado da avaliación, debidamente motivada, con indicacións das solicitudes admitidas ás que se lles propón a concesión da bolsa, seguidas das solicitudes que inda cumprindo os requisitos esixidos non obteñan a bolsa por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a en-



Concello de Vigo

grosar o "listado de agarda", finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas con expresión da súa causa. Esta proposta de resolución provisional no crea dereito algún a favor do/a beneficiario/a ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Esta comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poidan xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria.

O presidente poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Concesión e resolución das axudas

O Servizo municipal de Educación, en base aos informes da Comisión de Valoración, que previamente ten examinado e resolto as alegacións achegadas polos/as interesados/as, formulará a proposta de resolución definitiva que se elevará á Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluirá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, nº de expediente, curso, destino e resolución das axudas/prazas indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega.

Así mesmo, o Servizo municipal de Educación, como Instrutor, de conformidade co recollido na cláusula sétima, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Na relación constarán:

- 1. Concedidas*
- 2. Denegadas: con indicación da/s causa/s de denegación*
- 3. Lista de agarda: con indicación da puntuación correspondente*

A Xunta de Goberno Local aprobará a listaxe definitiva de bolsas concedidas, denegadas e en lista de agarda.

Esta relación exporase na web www.vigo.org, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, e no taboleiro de anuncios da EOI Vigo.

DÉCIMO SEGUNDA.- Aceptación da axuda

*Os alumnos e alumnas que resulten beneficiarios e beneficiarias das bolsas deberán presentar, asinada, no Servizo de Educación do Concello de Vigo, situado na Praza do Rei, 1 -11 andar, unha aceptación expresa segundo modelo que figura no **Anexo III** nun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ás persoas beneficiarias ou da data da publicación na páxina web municipal da concesión das bolsas.*

DÉCIMO TERCEIRA.- Xestión prazas vacantes por renunciias

No caso de que un beneficiario/a definitivo de bolsa de calquera dos idiomas estranxeiros propostos nas presentes bases, renunciase á mesma, a bolsa vacante xerada por esta renuncia, será ofertada por chamamento directo, ao alumnado incluído na lista de agarda do mesmo idioma no que se produce a renuncia, segundo a relación de lista de agarda do dito idioma, aprobada pola Xunta de Goberno Local.

No caso de non existiren lista de agarda no idioma no que se produce a renuncia, a bolsa vacante acumularase automaticamente a calquera das outras linguas estranxeiras que presenten lista de agarda, que serán ordenadas co criterio preferente de maior puntuación final obtida dos alumnos/as incluídos na lista de agarda de calquera dos outros idiomas. No caso de se produciren empates na puntuación final, serán seleccionados aqueles solicitantes incluídos na lista de agarda.

da cuxa renda sexa menor, e no caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de menor idade.

DÉCIMO CUARTA.- Xustificación e pagamento

Aos efectos de xustificar a realización do obxecto da subvención, os beneficiarios/as deberán presentar ao remate da súa estadía de inmersión lingüística, facturas orixinais ou outros documentos de valor probatorio equivalente, dos gastos realizados e para os que se concedeu a subvención. As facturas deberán recoller o número de CIF, data, número e IVE que corresponda. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que, séndolle esixibles, non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación e o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, o Servizo de Educación municipal procederá ao carimbado da factura orixinal, indicando no mesmo o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal carimbado incorporarase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Esta factura ou documento equivalente, deberá ir acompañada do preceptivo informe técnico emitido polo Servizo de Educación que recolla a conformidade dos documentos xustificativos presentados, e onde se manifeste expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención. Acompañarase obrigatoriamente a esta factura, certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOIV.

Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a, podería aplicarse a retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.

Este pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a, farase trala realización efectiva do programa e previa presentación no Servizo municipal de Educación das correspondentes facturas orixinais, certificacións ou documentos equivalentes, emitidas a nome do solicitante polo importe total dos custos e coa certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOIV.

En calquera caso a xustificación completa do importe concedido coa bolsa, debera realizarse polo beneficiario/a antes do remate do mes de setembro do ano 2020.

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade das subvencións concedidas

Seguindo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas, o Servizo de Educación do Concello de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación dos/as adxudicatarios/as.

A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións..

A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos términos establecidos no artigo 20 da antedita lei.



Concello de Vigo

Os/as beneficiarios/as deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos términos e condicións establecidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigacións de publicidade.

DÉCIMO SEXTA.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo de un mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

DÉCIMO SÉTIMA.- Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sanción

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A renuncia ou anulación de matrícula do curso 2019-2020 dará lugar ao reintegro da cantidade percibida.

DÉCIMO OITAVA.- Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente as Bolsas do Concello de Vigo de estancias lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), correspondentes ao ano 2020.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre

protección de datos e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no Programa e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito da educación, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO NOVENA.- Disposición final

A presente convocatoria rexerase polas súas bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A presentación da solicitude implica que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria, e o cumprimento de todas as obrigas nelas establecidas.

ANEXO I SOLICITUDE DE CONCESIÓN DA BOLSA “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO-EOIV (ANO 2020).

1	DATOS DO ALUMNO/A SOLICITANTE
---	-------------------------------

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:
-------------------	------------------

NOME:

ENDEREZO	NÚM.	PISO	BLOQUE	C.P.



Concello de Vigo

POBOACIÓN:		PROVINCIA:				
DATA DE NACEMENTO	SEXO	DNI / NIE	LETRA	PASAPORTE		
	Home	Muller				
TELÉFONO FIXO:		TELÉFONO MÓBIL:				
E-MAIL SOLICITANTE:						
2	DATOS ACADÉMICOS DO ALUMNO/A					
LINGUA NA QUE ESTÁ MATRICULADO NA EOI:			NIVEL:			
IDIOMA NO QUE SOLICITA A BOLSA: (Risque cun X o idioma que proceda)						
INGLÉS	FRANCES	ALEMÁN	ITALIANO	PORTUGUÉS	XAPONÉS	CHINÉS
CALIFICACIÓN FINAL OBTIDA NO IDIOMA NO QUE SOLICITA A BOLSA, QUE FIGURA NA CERTIFICACIÓN ACADÉMICA DA EOIV:						
3	DATOS RELATIVOS AO SOLICITANTE (Táchese o que proceda)					
É DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA OU RESIDENTE LEGAL:			SI	NON		
ESTÁ EMPADROADO NO CONCELLO DE VIGO:			SI	NON		
FAMILIA NUMEROSA:		ESP	XER	NON		
4	ACHEGA DOCUMENTACIÓN (Risque cun X o que proceda)					
2 Fotocopias do DNI, autorización de residencia ou pasaporte en vigor.						
Copia libro de familia completo ou documentación acreditativa familia numerosa, se é o caso.						
Convenio regulador ou sentenza de separación acreditar condición familia monoparental						
Certificación académica orixinal emitida pola EOIV conforme ao disposto na Base 7ª						
Copia da última declaración da renda ou certificado de estar exento, se é o caso						

Documentación acreditativa do nº de conta bancaria co IBAN do/a solicitante

Os documentos que se indican a continuación serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia do documento acreditativo

Opóñome á consulta:

- Datos da renda da unidade familiar.
- Verificación de estar ao día das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Verificación de estar ao día das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
- Verificación de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social (TXSS).
- Verificación de estar ao día das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo.

No caso de que o solicitante se opoña expresamente, terá que achegar as Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran, e no seu caso, copia da declaración ou declaración da renda da unidade familiar.

Solicita, segundo o establecido na convocatoria das Bolsas Concello de Vigo ano 2020, que se lle conceda a mencionada axuda para a participación no programa de estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOIV. Así mesmo, declara non estar incurso en ningunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

Vigo, de de 201_

Sinatura do/a solicitante

Os datos persoais facilitados neste procedemento (anexos I a IV), indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente as Bolsas do Concello de Vigo de estancias lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), correspondentes ao ano 2020.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos. A lexitimación do tratamento dos datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar na convocatoria.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.



Concello de Vigo

ANEXO II

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS CONCEDIDAS AO ALUMNO/A NO MARCO DA CONVOCATORIA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO. ANO 2020

Don/dona:

Con enderezo en:

Código postal:

Concello:

co NIF nº

Tendo presentada unha solicitude de axudas ao abeiro da convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” para Estancias lingüísticas no estranxeiro pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo no ano 2020

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda pública do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade Social, autorizando expresamente ao Concello de Vigo ás comprobacións que a tal fin sexan necesarias.
- Que non ten concedida durante o ano 2020 ningunha outra axuda para a participación en actividades coa mesma finalidade que as previstas nesta convocatoria.
- Que non ten residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.
- Que non ten sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOIV nas anteriores edicións no mesmo idioma, ou nos últimos cinco cursos académicos nun idioma diferente.
- Que non ten gozado nos cinco últimos anos dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade.

E, para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

Vigo,.....de.....de 201_

(sinatura do alumno/a)

ANEXO III

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA Á BOLSA “CONCELLO DE VIGO” CONCEDIDA PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO. ANO 2020.

Datos do solicitante:

Nome:

1º Apelido:

2º Apelido:

NIF:

ACEPTACIÓN DA BOLSA	RENUNCIA Á BOLSA

SOLICITO:

Sexa admitida e xuntada ao meu expediente, para participar da bolsa “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV, ano 2020.

Asemade, dou a miña conformidade a recibir a atención médica que, de darse o caso, fose precisa.

Vigo , de do 201_

Sinatura do beneficiario/a

Concello de Vigo. Concellería de Educación

Bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado EOIV.

Prazo do Rei, 1 -11 andar

36202 VIGO



Concello de Vigo

ANEXO IV

PROGRAMA DE ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO.

(BOLSAS CONCELLO DE VIGO. ANO 2020)

Aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo: Acta da Comisión de Valoración do “Programa Estancias Lingüísticas no Estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo das Bolsas “Concello de Vigo 2020” no día 26 de Xuño de 2019.

Características mínimas do Programa de Formación

Como mínimo cumprírase cos seguintes termos.

1. Curso de lingua

•**Duración do curso contratado:** 2 semanas (días lectivos: luns – venres)

•**Número mínimo de horas lectivas por semana contratadas:** 15 horas / semana (podendo ser divididas en leccións dunha duración mínima de 45 minutos, por exemplo 20 leccións de 45 minutos ou 18 leccións de 50 minutos)

•**Duración mínima de cada lección:** 45 minutos.

•**Número máximo de estudantes por aula:** 16 alumnos.

•**Profesorado Nativo** na lingua de destino.

•Realización de **Test de nivel**.

•**Diploma acreditativo** da realización do programa.

•**Características dos centros de estudos:**

◦ Acreditación/certificación dos centros de estudo: No caso do Reino Unido debe de estar acreditado polo British Council, e nos destinos restantes, nos que sexa posíbel, por algún organismo nacional ou internacional.

◦ A localización: No centro das cidades dos destinos ou cerca da cidade con boa conexión.

◦ Recursos: Deben de estar equipados con instalacións modernas (ordenadores, acceso a internet, biblioteca multimedia, espazo de estudos, etc).

2. Aloxamento

O aloxamento dependendo do destino, poderá ser: **Hostal - Residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos, con habitación dobre compartida e baño compartido. Deberá estar ben comunicado coa escola tendo en conta que estamos en cidades europeas, ou grandes cidades asiáticas.**

3. Desprazamentos

O desprazamento será en avión dende o aeroporto de Vigo á cidade de destino, tanto na ida como na volta (agás Lisboa, onde poderá ser en avión, tren ou autobús). Os desprazamentos internos ao longo da estada formativa-lingüística quedan excluídos do Programa. Só nos destinos no Reino Unido e Irlanda, incluírase o desprazamento en autobús dende o aeroporto á residencia e viceversa.

4. Acompañamento

Nos destinos no Reino Unido ou Irlanda, acompañará un monitor da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas.

5. Seguros

Seguro médico e de asistencia en viaxe.

Distribución e desglose das cuantías económicas das bolsas por destino:

Nº de bolsas	Destino	Niveis Alumnado Beneficiario	Contía bolsa euros	Importe total euros
66	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00.-€	112.200,00.-€
11	Francia	B1, B2, C1, C2	2.000,00.-€	22.000,00.-€
6	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00.-€	10.200,00.-€
6	Italia	B2, C1, C2	1.700,00.-€	10.200,00.-€
4	Portugal	B2, C1, C2	1.600,00.-€	6.400,00.-€
4	Xapón	B1, B2	2.000,00.-€	8.000,00.-€
3	China	B1, B2	2.000,00.-€	6.000,00.-€
100				175.000,00.- €

Recoméndase aos posíbeis beneficiarios/as das bolsas “Concello de Vigo 2020” contratar a prestación dos servizos da viaxe, curso e estadía cunha empresa ou entidade cualificada e especializada da súa libre e voluntaria elección, que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co programa formativo-lingüístico aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV).

Entendemos que para cada beneficiario/a pode resultar unha tarefa complicada a xestión de xeito individual de toda a loxística organizativa que inclúe o desfrute da bolsa municipal (desprazamento, aloxamento en destino, escola que imparta o programa formativo validado pola EOIV, coberturas de seguros...), polo que se garante unha xestión máis efectiva e eficiente recorrendo a empresas especializadas do sector que teñen un coñecemento exhaustivo no campo da promoción do plurilingüismo, e da mobilidade noutros países co obxectivo de acceder ao coñecemento de linguas estranxeiras e á diversidade cultural.

Programa formativo: características específicas recomendábeis

Destino	Tipo Aloxamento	Nº Becas
Reino Unido / Irlanda	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas.	66
Francia	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	11
Alemaña /Austria	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	6
Italia	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	6
Portugal	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	4
Xapón	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	4
China	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	3

Total Boleiros: 100



Concello de Vigo

Características Destinos / Estadías:	
Reino Unido / Irlanda	
a. Características del curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo -A Escola deberá estar acreditada (ex: British Council).
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas.
Situación:	Deberá estar ben comunicado coa escola.
Total Bolsas 66	
Francia:	
a. Características del curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	-Test de Nivel e Diploma Acreditativo -A Escola deberá estar acreditada (ex: TEF, UNOSEL, Chambre de Commerce et d'industrie de Paris,...)
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas 11	
Alemaña / Austria	
a. Características del curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas 6	

Italia:	
a. Características del curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas	
6	

Portugal:	
a. Características del curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas	
4	

Xapón:	
a. Características del curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas	
4	



Concello de Vigo

China:		
a. Características del curso:		
Ubicación:	No centro da cidade de destino	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana	
Duración mínima dunha lección:	45 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes	
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..	
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.	
Total Bolsas		3

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONCESIÓN DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2020.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto destas axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional, a través do financiamento das actividades do programa formativo de inmersión lingüística en destino, a realizar dentro do ano 2020 e nunca despois do remate do mes de setembro do ano 2020.

SEGUNDA.- CONCEPTOS SUBVENCIÓNABLES.

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas en calquera cidade elexida libremente polo bolseiro/a pertencente aos países de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China.
- Gastos da viaxe de ida e volta en avión dende o aeroporto de Vigo ata a cidade do destino elexida libremente polo bolseiro/a nos países indicados nos que se desenvolverá o programa, agás Portugal cuxo desprazamento poderá ser en avión, tren ou autobús, dende a cidade de Vigo.
- O voo dende Vigo poderá aterrizar nunha cidade diferente do país de destino, completando o desprazamento ata a cidade de destino final noutro medio de transporte público.
- Nos destinos no Reino Unido e Irlanda, está incluído acompañamento de monitor/a da empresa provedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas, e o desprazamento en autobús o 1º e último día dende o aeroporto ate a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Reino Unido / Irlanda.
- Os desprazamentos internos ao longo da estadía formativo lingüística quedan excluídos do programa.
- Matrícula e custe do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

- Aloxamento en hostais, residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos con habitación dobre compartida e baño compartido.
- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

TERCEIRA.- NÚMERO DE BOLSAS, DESTINOS E CONTÍA.

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis	Contía/bolsa .- €	Importe total .-€
66	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	112.200,00
11	Francia	B1, B2, C1, C2	2.000,00	22.000,00
6	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
6	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
4	Portugal	B2, C1, C2	1.600,00	6.400,00
4	Xapón	B1, B2	2.000,00	8.000,00
3	China	B1, B2	2.000,00	6.000,00
100				175.000,00 €

CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 175.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 3260.489.00.10 "Becas estudos internacionais EOIV" do exercicio de 2020, quedando esta contía de 175.000.-€ supeditada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente no intre da resolución da concesión e no exercicio orzamentario futuro de 2020 (de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006 que aproba o regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións)

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar esta bolsa o alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico, en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés e alemán; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas italiano e portugués; e en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 dos idiomas chinés e xaponés; que cumpra os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

SEXTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

SÉTIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

OITAVA.- BASES REGULADORAS.

A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das bolsas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ó boletín oficial no que aparece publicada, e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local e na páxina web www.eoidevigo.org



Concello de Vigo

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda de estas bolsas, facilitaranse nas oficinas do servizo municipal de educación e nas propias páxinas webs do Concello de Vigo e da EOIV.

NOVENA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

O servizo municipal de educación será o encargado da instrución do procedemento de concesión das bolsas. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Educación e Xuventude, a Xefa de servizo de Educación e un Técnico da mesma área que actuará como secretario; sendo vocais da mesma o Director e Vicedirector da EOIV.

DÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O alumnado da EOIV beneficiario/a das bolsas deberá xustificar antes do 30 de setembro de 2020 (incluído) o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PAGO.

Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a, podería aplicarse a retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.

O pago da contía total da subvención ao alumnado da EOIV que resulte beneficiario/a, terá lugar tras a xustificación polo/a alumno/a da EOIV beneficiario/a, da realización da actividade para a que se concedeu a subvención, achegando a documentación preceptiva para elo establecida nas bases da convocatoria.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONCESIÓN DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2020.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 175.000,00 € (Cento setenta e cinco mil Euros) con cargo á partida orzamentaria 3260.489.00.01

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

Alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico, en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés e alemán; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas italiano e portugués; e en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 dos idiomas chinés e xaponés; que cumpra os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local, e na web www.vigo.org, e na web www.eoidevigo.org.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

O alumnado da EOIV beneficiario/a das bolsas deberá xustificar antes do 30 de setembro de 2020 (incluído)

OITAVA.- PAGO.

Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a, podería aplicarse a retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.

8(976).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA - TR332A 2019/44: PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019-2020. EXPTE. 16843/77.

Visto o informe de fiscalización do 04/11/19, dáse conta do informe-proposta do 29/10/19, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/2019), conformado polo concelleiro de Emprego e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No DOG. núm. 116, do 20 de xuño, publicouse a Orde do 7 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica



Concello de Vigo

de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2019 (código do procedemento TR332A).

II. En data 09/07/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de subvención para o programa integrado para o emprego VIGO INTEGRA VII, durante os anos 2019 e 2020.

III. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de xullo de 2019, a proposta da xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Por atribución temporal de funcións mediante acordo da XGL do 03/05/2019) e polo concelleiro-delegado de Emprego, acordou:

1.- *Aprobar o proxecto denominado "Vigo Integra VII", elaborado polo Servizo de Emprego do Concello de Vigo, por un importe total de 258.400,50 €, dos que 208.400,00 € son o importe solicitado a subvencionar pola Xunta de Galicia e os restantes 50.000,50 €, son a financiar polo Concello de Vigo.*

2.- *Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na orde do 07 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o ano 2019.*

3.- *Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2019 e 2020 das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.*

4.- *Delegar no concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.*

IV. Con data 28/08/2019 recíbese no Rexistro Municipal requerimento de subsanación da solicitude presentada na Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia deste programa integrado.

V. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 05 de setembro de 2019, a proposta da xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Por atribución temporal de funcións mediante acordo da XGL do 03/05/2019) e polo concelleiro-delegado de Emprego, acordou para levar a cabo as subsanacións requiridas pola Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia:

1.- *Renomear o programa a requirimento da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, de xeito que pase a denominarse: "PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20".*

2.- *O cofinanciamento por parte do Concello de Vigo é de 50.000,00€, tal e como foi aprobado en XGL, pero por erro aritmético cómpre corrixir a porcentaxe indicada na solicitude, de xeito que en vez do 24%, supón o 19,35% do custe total estimado do programa integrado.*

3.- *Reflectir que o obxectivo de inserción laboral previsto deste programa integrado é do 39%, tal e como se indica na Memoria do proxecto.*

4.- *Reaxustar os apartados da Memoria para que figuren na mesma orde na que aparecen os distintos apartados do Anexo II da solicitude.*

VI. Con data 22/10/2019 recíbese resolución do director xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, concedendo a subvención solicitada durante os anos 2019 e 2020, por importe total de 208.400,00€ (Nº de expte. TR332A 2019/044).

A resolución supón a aceptación do proxecto que consiste nun programa integrado para o emprego de carácter multisectorial de 100 persoas participantes, das que se prevé a inserción do 39%. A duración do programa PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20 está establecida en 12 meses, cun inicio previsto para o mes en curso. Para o seu desenvolvemento utilizaranse as instalacións do Centro de Iniciativas de Emprego, sito na rúa Arquitecto Pérez Bellas, 9.

Tamén indica a devandita resolución que o custo total estimado do proxecto é de 258.400,50 €, sendo a subvención concedida outorgada de 208.400 € e de 50.000,50€ a cofinanciación municipal de persoal adscrito ao desenvolvemento do proxecto (polo que non é necesario retención de crédito e que suporía 86.100,00€ conforme ao aptdo. C.15.1 da memoria do proxecto), que se financiará con cargo ás partidas 2410.1200100, 2410.1200400, 2410.1200600, 2410.1210001, 2410.1210004, 2410.1210101, 2410.1210104, 2410.1600000 dos anos 2019 e 2020 dos orzamentos municipais.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal.

De conformidade co exposto, previo informe da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2019, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Aceptar a subvención concedida mediante resolución do director xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, recibida en data 22/10/2019, por importe total de **208.400,00€** (Nº de expte. TR332A 2019/044), que supón a aceptación do programa integrado de emprego denominado "PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20", de carácter multisectorial de 100 persoas participantes, das que se prevé a inserción do 39%, e cunha duración establecida de 12 meses, cun inicio previsto para o mes en curso.

SEGUNDO: Encomendar á unidade de Desenvolvemento Local, a xestión do proxecto "PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20", conforme



Concello de Vigo

ao establecido na Orde do 7 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(977).- CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-7. EXPTE. 9666/224.

Dáse conta do informe-proposta do 31/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica da Área e pola concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de “Vivendas tuteladas” ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.

O día 30 de outubro de 2019 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con pasaporte núm. *****3550, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada dos seus fillos menores, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-7, co obxecto de que a usuaria identificada con pasaporte núm. *****3550 e os seus fillos, a ocupen por un período de seis meses, (a contar desde a data de ingreso da unidade familiar na vivenda, data fixada polo equipo multidisciplinar do Centro municipal de información dos dereitos da muller), transcorridos os cales deberán abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

Durante o período de permanencia na vivenda municipal a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á concellería de Igualdade.

Por todo o exposto, se propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-7 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 9666-224, por un período de 6 meses, transcorridos os cales a unidade

familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(978).- BASES, CONVOCATORIA E EXTRACTO DAS "SUBVENCIONS PARA ORGANIZAR ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACION CIADADA MEDIANTE O FINANCIAMENTO DE GASTOS DERIVADOS DOS SERVIZOS DE MONTAXE E DESMONTAXE DE CARPAS, INSTALACIONES CUBERTAS OU ESTRUTURAS MOBLES SIMILARES" PARA O ANO 2019. EXPTE. 8921/320.

Visto o informe de fiscalización de data 29/10/19, dáse conta do informe-proposta do 25/10/19, da técnica de xestión, a xefa do servizo de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 5 de xullo de 2019, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, resolveu que polo Servizo de Participación Cidadá se iniciara a tramitación de expediente de “Bases reguladores das subvencións para a organización de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá”

1. COMPETENCIA MUNICIPAL NA MATERIA

Para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.**

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos:

1. Ano 2018: Expte. Núm. 8011/320
2. Ano 2017: Expte. Núm. 7754-320
3. Ano 2016: Expte. Núm. 7353/320



Concello de Vigo

4. Ano 2015: Expte. Núm. 6973/320
5. Ano 2014: Expte. Núm. 6560/320
6. ...

2. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCÍONS

A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria, rexeráse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

3. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA MÁXIMA DAS SUBVENCÍONS

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de 35.000,00 euros (trinta e cinco mil euros), distribuídos do seguinte xeito, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000 "Subvencións a entidades cidadás "

4. CONDICÍONS E FINALIDADE DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

Esta convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 1, 2, 3.2, 10.1 e 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), para o financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares e que cumpran os requisitos enumerados na Base 2ª da norma reguladora da subvención, así como a finalidade ou obxectivo perseguido coa convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria de subvencións é:

1. Regular a concesión de axudas para a organización de actos sociais e encontros veciñais celebrados por entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, nos epígrafes 1, 2, 3.2, 10.1 e 10.5, para o financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, dentro período comprendido entre o dende o **1 de xaneiro ata o 11 de novembro** do presente exercicio, no termo municipal de Vigo.
2. Colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades que sexan abertas ao público xeral, de libre acceso e gratuíto e que se realicen en espazos abertos.
3. Garantir o efectivo desenvolvemento das actividades programadas de carácter social, cultural, e festivo en consideración ás posibles condicións meteorolóxicas adversas que puideran afectar, impedir ou menoscabar a súa celebración.

A contía total destinada a estas axudas para o vixente exercicio orzamentario é de **35.000,00 euros**, e o importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias.

Considéranse gastos subvencionables, os realizados dende o **1 de xaneiro ata a 11 de novembro de 2019**.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

5. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN: CONCORRENCIA COMPETITIVA

Tal como dispón o artigo 22.1 da LXS, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, o cal se inicia de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, conforme ao art. 20 da LSG, levándose a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de conformidade cos criterios de avaliación das solicitudes establecidos na Base 10ª da convocatoria na que se detalla a ponderación relativa atribuída a cada un deles, de conformidade co art. 60 do RLXS.

6. SOLICITUDES: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de **10 días naturais**, a contar dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados coas bases e que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

7. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O procedemento de concesión das subvencións axustarase ao disposto na Base 11ª da convocatoria e arts. 20 a 24 da LSG, así como ao establecido na LPAC, no referente á presentación de solicitudes, a súa emenda, a instrución do procedemento, a resolución (no prazo de **4 meses**), e a notificación electrónica. Por último, as beneficiarias deberán aceptar ou renunciar á subvención concedida, no prazo de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte a recepción da notificación da concesión da axuda, e a mesma será aceptada de plano pola administración, que declarará concluído o procedemento.

8. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo



Concello de Vigo

órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- APROBAR a convocatoria, o extracto da mesma, e as bases reguladoras das **“SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACION DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACION CIDADÁ”**, de conformidade co art. 20.2.a) da LSG, realizada pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 1, 2, 3.2, 10.1 e 10.5, do RMA, e que cumpran os requisitos para ser beneficiarias, por unha contía total de **35.000,00 €** (trinta e cinco mil euros), para o financiamento de gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, dentro período comprendido entre o dende o **1 de xaneiro ata o 11 de novembro** do presente exercicio, no termo municipal de Vigo

SEGUNDO.- APROBAR, como **modelos oficiais**, os 10 modelos normalizados:

1. Anexo I: Solicitud
2. Anexo II: Programa de actividades para o ano 2019
3. Anexo III: Orzamento dos programas subvencionables
4. Anexo IV: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos
5. Anexo V: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas
6. Anexo VI (opcional): Oposición expresa á consulta e verificación de datos
7. Anexo VII: Publicidade Corporativa-Cartería
8. Anexo VIII: Solicitud de aboamento
9. Anexo IX: Memoria de actividades 2019 (ou equivalente)
10. Anexo X: Renuncia

TERCEIRO.- PUBLICAR, unha vez aprobadas, a **convocatoria e bases reguladoras** das *“Subvencions para a organización de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá”* en:

- a) A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencions (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG. A publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial de Provincia (BOP).

- b) As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

CUARTO.- AUTORIZAR o gasto, por importe de **35.000,00 €** (trinta e cinco mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*” do vixente exercicio orzamentario, para colaborar ao financiamento dos gastos subvencionables derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, dentro período comprendido entre o dende o **1 de xaneiro ata o 11 de novembro** do presente exercicio, no termo municipal de Vigo.

SEXTO.- RECURSOS: contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, RXCA. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición interposto ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

A Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, coa finalidade de dirixir e impulsar a política municipal referida ao Asociacionismo e a Participación Cidadá, en orden a canalizar e promove a defensa dos intereses da comunidade veciñal, convoca un programa de subvencións cuxos destinatarios son entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en diante):

1. Asistencial e saúde
2. Cultura e Arte
- 3.2 Festivas e de lecer
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

O obxecto da presente convocatoria de subvencións é:

1. Regular a concesión de axudas para a organización de actos sociais e encontros veciñais celebrados por entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, nos epígrafes 1, 2, 3.2, 10.1 e 10.5, para o financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, **dentro período comprendido entre o dende o 1 de xaneiro ata o 11 de novembro** do presente exercicio, no termo municipal de Vigo.
2. Colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades que sexan abertas ao público xeral, de libre acceso e gratuíto e que se realicen en espazos abertos.



Concello de Vigo

3. Garantir o efectivo desenvolvemento das actividades programadas de carácter social, cultural, e festivo en consideración ás posibles condicións meteorolóxicas adversas que puideran afectar, impedir ou menoscabar a súa celebración.

A contía total destinada a estas axudas para o vixente exercicio orzamentario é de **35.000,00 euros**.

Considéranse gastos subvencionables, os realizados dende o **1 de xaneiro ata o 11 de novembro de 2019**.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para o outorgamento de ditas axudas.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACION DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACION CIDADÁ

PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIONS

a) *Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.*

b) *A efectos da presente convocatoria, considéranse necesarios para o normal funcionamento da entidade, o cumprimento dos seus fins estatutarios e o desenvolvemento das súas actividades sociais*

c) *A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do asociacionismo e da participación cidadá, en particular:*

- *Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, para a representación e defensa de intereses xerais e sectoriais.*
- *Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.*
- *Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento de participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado e a integración veciñal, en xeral, de contido sociocomunitario.*
- *Potenciar a dinamización social e as relación da cidadanía a través de actividades de ocio en tempo libre e de promoción da cultura tradicional.*
- *Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.*
- *Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de debate, intercambio de ideas e experiencias para a comunicación social.*

- *Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións.*

d) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas nos epígrafes 1, 2, 3.2, 10.1 e 10.5, Rexistro Municipal de Asociacións (entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 1, 2, 3.2, 10.1 e 10.5 Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) que reúnan os seguintes requisitos:

- 1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.*
- 2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
- 3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.*
- 4. Que non dispoñan de medios propios, infraestruturas ou do equipamento necesario para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita o financiamento*
- 5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos agás oposición expresa do interesado, en cuxo caso, a entidade solicitante achegará o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente, achegando a/s correspondente/s certificación/s que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 de RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RXLS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.*
- 6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.*
- 7. Acompañar á solicitud a documentación preceptiva detallada na base novena desta convocatoria.*
- 8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos do apartado anterior (").*
- 9. As entidades organizadoras do evento e solicitantes das axudas deberá contar, cando menos, con:*
 - a) Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concurrentes, e da*



Concello de Vigo

necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.

b) Seguro/s de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

*A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 11 de novembro de 2019**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins derivados especificamente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar:*

Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións mobles destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuito e se realicen en espazos abertos.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias*
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais*
- os gastos de procedementos xudiciais*

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

As instalacións obxecto das axudas, responderán ás seguintes tipoloxía: carpas, estruturas móbiles ou instalacións similares

O número máximo de eventos ou instalacións para cuxo financiamento se solicitan as axudas: 3

CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

*A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **35.000,00 €** (trinta e cinco mil euros)*

*O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias*

QUINTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCiónS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD

887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

Non serán compatibles con ningunha outra subvención que, para os mesmos proxectos subvencionables na presente convocatoria tivese outorgado a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

SEXTA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.*
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.*
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.*
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima de 5 puntos na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.*
- Cando o proxecto de actividades achegado, non se axuste, no seu contido, ao disposto na Base novena ("Solicitud e Documentación").*

2.- Con carácter xeral:

- En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos nas Bases desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarios.*
- Aqueles que non respondan á natureza do programa subvencionado*
- Aqueles gastos de carácter suntuario, que non son imprescindibles para o bo desenvolvemento do proxecto e/ou que non están relacionados directamente co obxecto subvencionable.*
- Os destinados a equipamentos que procuren algún tipo de lucro para os seus xestores, promotores, etc.*

SÉTIMA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:



Concello de Vigo

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados relacionados co obxecto da convocatoria, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Colaborar co Concello de Vigo, na difusión, entre os participantes e asistentes ao evento, da información de interese municipal que se lle facilite con antelación á celebración das actividades.
4. Comunicar calquera eventualidade ou modificación na programación ou execución dos proxectos presentados que supoña menor execución de servizo no prazo máximo de 7 días a partir do momento en que se produzan ou coñeza, en todo caso, antes de resolución do procedemento, solicitando neste mesmo intre, a modificación á baixa na concesión da presente subvención, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.
5. Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realicen as actividades, as obras ou no equipamento adquirido, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o **Anexo VII (modelos de cartelería)** aprobado nesta convocatoria, no que constará o cofinanciamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade solicitante, ata a finalización do ano 2019 publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento da/s actividade/s da asociación obxecto de subvención.
6. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira
7. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
8. Contar coas preceptivas autorizacións ou licenzas sectoriais que sexan esixibles de acordo coa lexislación vixente (seguridade, comercio, urbanismo, etc.)
9. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
10. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
11. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
12. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.
13. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
14. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.
15. Contratar a/s póliza/s de seguros de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco

OITAVA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego,

de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte** á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org), e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A este efectos, considerarase como data de presentación, a data da solicitude tramitada por internet.

Todas as solicitudes, así como as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

NOVENA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os/as solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente, será requirida para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación, aquela na que foi tramitada por internet.

Os/as solicitantes deberán presentar necesariamente os seguintes anexos e documentación complementaria:

ANEXO I. SOLICITUDE

1. Datos da entidade solicitante, designación do representante legal e datos de contacto a efectos de notificación:

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos interesados/as os avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e /ou teléfono móbil que conste nesta solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

2. Información básica sobre protección de datos

3. Datos bancarios



Concello de Vigo

4. Custe do proxecto presentado e importe da subvención solicitada
5. Datos do Rexistro Municipal de Asociacións
6. Sistemas de información, comunicación e publicidade do financiamento municipal (conforme aos modelos do anexo VII de cartelería)
7. Sinatura dixital do/a representante lexa da entidade

ANEXO II. PROGRAMA DA/S ACTIVIDADES, que serven de fundamento para a concesión da subvención:

- relación de actividades (número e denominación)
- categoría (social, cultural, lecer...)
- Traxectoria ou antigüidade do/s evento/s
- data/s de celebración e duración
- lingua empregada no desenvolvemento da actividade

ANEXO III. ORZAMENTO DOS GASTOS SUBVENCIONABLES

Detalle dos gastos derivados dos servizos de montaxe, desmontaxe das instalacións móbiles

ANEXO IV. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS

ANEXO V. DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS

ANEXO VI: OPOSICIÓN EXPRESA Á CONSULTA E VERIFICACIÓN DE DATOS POR PARTE DO CONCELLO DE VIGO.

Este Anexo VI deberá presentarse asinado electronicamente no caso de que a entidade solicitante se opoña expresamente á consulta dos datos de identidade do/a representante legal e de se está ao corrente coas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social.

No caso de que a entidade solicitante se opoña expresamente, terá que presentar o documento de identidade correspondente e/ou as certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a 6 meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran..

O servizo convocante pode requirir, cando outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

A entidade solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A Administración actuante poderá consultar ou recadar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recadar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano competente requirirá á interesada para que emende a falta no prazo máximo e improrrogable de 10 días, co apercibimento de que se non o fai teráselle desistido da súa petición previa resolución, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e o arquivo das actuacións polo transcurso de tres meses sen retomar a tramitación en caso de paralización do procedemento por causa imputable ao interesado, conforme aos artigos 68 e 95, respectivamente, da Lei 39/2015, de 15 de novembro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas por Programas, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da Lei 39/2015 do PAC.

DÉCIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

10.1 Criterios de avaliación das solicitudes

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinada para tal fin no presente exercicio. Levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.** - Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

• Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

Ano 87 a 93	5
Ano 94 a 99	4
Ano 2000 a 2005	3
Ano 2006 a 2012	2
Ano 2013 a 2018	1
En adiante	0

• Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1

b) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.** - Ata 20 puntos.

Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:



Concello de Vigo

A) *Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais: Actividade/s desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos)*

Ata 1 ano: 2 puntos

Ata 2 anos: 4 puntos

Ata 3 anos: 6 puntos

4 ou mais anos: 8 puntos

B) *Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):*

1 día: 2 puntos

2 días : 4 puntos

3 días : 6 puntos

4 ou mais días: 8 puntos

C) *Nº de actividades (máximo 3): Ata 2 puntos*

1 actividade: 2 punto

2 actividades: 1 puntos

3 actividades: 0 puntos

D) *Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):*

Si: 2 puntos

Non: 0 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

c) **Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.** - Ata 5 puntos

De 1 € a 1.000 €: 1 punto

De 1.001 a 1.500 €: 2 puntos

De 1.501 a 2.000 €: 3 puntos

De 2.001 a 2.500 €: 4 puntos

De 2.501 a 2.700 €: 5 puntos

10.2. Criterios para o outorgamento das axudas segundo a valoración outorgada:

Logo da comparación das solicitudes presentadas e o establecemento dun orden de prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración indicados no apartado anterior, as axudas se adxudicarán proporcionalmente atendendo á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Non obstante o anterior, cando o importe total das solicitudes debidamente presentadas, supere o orzamento previsto na presente convocatoria, a Comisión de Valoración realizará a proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación, para o cal, as solicitudes se ordenarán de forma descendente, segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, sendo o importe a subvencionar, o calculado para cada solicitante ata esgotar a contía máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis entidades acaden a mesma puntuación e soamente crédito orzamentario para algunha delas, se aplicarán os seguintes criterios de desempate na orde de prelación que se relacionan deseguido:

1º Puntuación mais alta na calidade e viabilidade técnica do proxecto de actividades

2º Puntuación máis alta na calidade técnica e económica da propostas

3º Maior puntuación na traxectoria e antigüidade da entidades

De continuar o empate, distribuirase proporcionalmente a contía dispoñible segundo o importe que lles correspondería no caso de que houberse crédito orzamentario, ata esgotar a contía máxima autorizada.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDIMIENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao persoal técnico de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá
- 2 Vogais: Un/ha técnico/a e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

3- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, ós informe emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

4- Se algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/as interesados/as os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.



Concello de Vigo

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

*5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta coa valoración correspondente ao instrutor; que formulará a proposta de **resolución definitiva** á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co CIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.*

*O prazo de resolución e notificación será de **4 meses** contados a partir da publicación desta convocatoria.*

*En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, **desistimento** que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.*

6- A resolución do procedemento poderá notificarse electrónicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remítanse ás entidades interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificación por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ó seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnico, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de 10 días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

7- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) la Lei 39/2015 ao respecto.

8- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

9- **A beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, renuncia que será aceptada de plano polo administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo XI**, aprobado con estas bases. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Participación Cidadá no vindeiro exercicio orzamentario.

10.- Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBCONTRATACIÓN

A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto da subvención, entendéndose que subcontrata, cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Porén, non se considera como tal a contratación daqueles gastos en que debe incurrir a beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

DÉCIMO TERCEIRA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 29 de novembro de 2019.** Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda. Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

A xustificación económica dos gastos realizarase conforme ao establecido no **Anexo VIII**, no que se inclúen os seguintes datos:

- **Declaración do representante da entidade na que declara baixo a súa responsabilidade que “responde da veracidade da información achegada, así como, que a documentación xustificativa dixitalizada que se presenta é fiel reprodución da documentación orixinal”**
- **Relación clasificada dos gastos subvencionados:** xustificarse gastos por un importe igual ou superior ao importe do proxecto que serviu de base para a concesión de dita subvención, polo que queda acreditado que o programa subvencionado foi executado, no seu caso, na súa totalidade. Así mesmo, **deberán presentarse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas e asinadas electrónicamente das facturas orixinais en papel e/ou demais documentos de valor probatorio equivalente, cuxo importe total debe cubrir como mínimo, o importe da subvención outorgada:**
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma di-



Concello de Vigo

- ferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
- *en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
 - *se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*
 - *no caso das facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algunha das modalidades de identificación admitidas legalmente (sinatura electrónica, código de verificación...).*
 - *de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.*
 - *as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*
 - *cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.*
 - *as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
 - *non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*

Deberá presentarse electrónicamente unha solicitude de abono de subvención debidamente cumprimentada, segundo o Anexo VIII, que será rexistrada e asinada electronicamente cun número de documento de entrada e presentarse como documento adxunto o Anexo IX: “Memoria de actividades 2019” ou documento equivalente conforme se detalla no apartado 4 desta base.

A conta xustificativa das subvencións outorgadas conterán a seguinte documentación e información:

1. Anexo VIII. “Solicitude de aboamento”

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención
2. Datos do/ representante legal: no suposto de que dita representación non corresponda co/a presidente/a da entidade solicitante, deberá presentarse unha certificación do/a secretario/a no que figure o acordo de nomeamento de dito/a representante.
3. Domicilio a efectos de notificación: identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar), e unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dos avisos de posta a disposición das notificacións enviadas á entidade solicitante. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.
4. Detalle dos gastos xerais de mantemento, por un importe igual ou superior ao custe do proxecto subvencionado
5. Documentación complementaria:
 - Reportaxe fotográfica da/s actividade/s celebradas, na que se acredite a difusión pública da colaboración municipal no financiamento dos gastos, mediante a inserción, en lugar

preferente, do logotipo oficial do Concello de Vigo, segundo **Anexo VII (“Publicidade corporativa- cartelería”)** desta convocatoria. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade solicitante, ata a finalización do ano 2019, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento da/s actividade/s.

- Indicar o número de expediente ou copia da correspondente autorización presentada no servizo de Seguridade e Mobilidade para a celebración de eventos e festas populares, regulada na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas der Galicia.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare (apartado 7) ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar **fotocopia compulsada da resolución de concesión** das mesmas.

- Copia póliza/s de seguros de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco

6. **Declaración responsable** (veracidade dos datos e cumprimento das bases, aplicación dos gastos á actuación subvencionada, abono dos gastos, retención do IRPF, non dedución do IVE, non percepción doutras axudas, estar ao corrente das obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e fronte á Seguridade Social, non incursión nas prohibicións do art. 13 da LXS e non aplicación da documentación económica xustificativa achegada á xustificación doutras subvencións).

7. **Relación clasificada dos gastos subvencionados.** na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención, riscando cun “x” diante do documento cuxo “orixinal” se achega (facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais), e reflectindo a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos “orixinais” presentados.

8. **Sinatura dixital do/a representante da entidade**

2. **Anexo IX “Memoria do proxecto subvencionado”**, conforme ao proxecto achegado coa solicitude, que fundamentou a concesión da/s subvención/s outorgadas, e na que deberá figurar, como mínimo, a seguinte información:

1. Breve referencia sobre en que medida a subvención, por cada un dos programas subvencionado, contribuíu ao desenvolvemento das actividades da entidade beneficiaria

2. Descrición das actuacións ou actividades realizadas, conforme ao proxecto achegado

- Denominación da actividade
- Datas e lugar de celebración
- Número de participantes ou colectivo destinatarios
- Recursos empregados (materiais e humanos)
- Material publicitario empregado para a súa difusión (carteis, anuncios en prensa...)
- Calquera outra documentación complementaria



Concello de Vigo

Este Anexo poderá substituírse por unha memoria de actividades en formato libre, sempre e cando, se inclúan os datos solicitados e se faga mención a cada unha das actividades detalladas no Anexo II) presentado no momento da solicitude (“Proxecto de Actividades”).

DÉCIMO CUARTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015, de 15 de novembro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e o arquivo das actuacións polo transcurso de tres meses sen retomar a tramitación en caso de paralización do procedemento por causa imputable ao interesado, conforme aos artigos 68 e 95, respectivamente, da referida Lei.

De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento e estudio da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que se incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, dando lugar a súa desestimación, desistimento ou caducidade da solicitude de aboamento, así como, a renuncia á subvención.

DÉCIMO QUINTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, que en relación aos expediente de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, o servizo xestor poderá facer as indagacións pertinentes para o esclarecemento das dúbidas xurdidas en relación a calquera documento xustificativo achegado.

DÉCIMO SEXTA.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien os programas subvencionados.

DÉCIMO SÉTIMA- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCÍONS

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- *A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido*
- *A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Terceira*
- *As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións*
- *Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento*
- *Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases*
- *Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.*
- *Tamén suporá perda do dereito ao cobro a ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.*

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

No caso de que, por concorrenza de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da Lei Xeral de Subvencións. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o Título IV da Lei 39/2015, de 15 de novembro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no que se regula a potestade sancionadora e a responsabilidade patrimonial.

DÉCIMO OITAVA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a practica das publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.



Concello de Vigo

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIXÉSIMA.- PUBLICIDADE

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvención para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCÍONS

a) Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse necesarios para o normal funcionamento da entidade, o cumprimento dos seus fins estatutarios e o desenvolvemento das súas actividades sociais

c) A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do asociacionismo e da participación cidadá, en particular:

- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, para a representación e defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento de participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado e a integración veciñal, en xeral, de contido sociocomunitario.
- Potenciar a dinamización social e as relación da cidadanía a través de actividades de ocio en tempo libre e de promoción da cultura tradicional.
- Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.
- Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de debate, intercambio de ideas e experiencias para a comunicación social.
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións.

d) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas nos epígrafes 1, 2, 3.2, 10.1 e 10.5, Rexistro Municipal de Asociacións (entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias



Concello de Vigo

municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 1, 2, 3.2, 10.1 e 10.5 Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) que reúnan os seguintes requisitos:

- 1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.*
- 2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
- 3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.*
- 4. Que non dispoñan de medios propios, infraestruturas ou do equipamento necesario para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita o financiamento*
- 5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos agás oposición expresa do interesado, en cuxo caso, a entidade solicitante achegará o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente, achegando a/s correspondente/s certificación/s que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 de RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RXLS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.*
- 6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.*
- 7. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na base novena desta convocatoria.*
- 8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos do apartado anterior (").*
- 9. As entidades organizadoras do evento e solicitantes das axudas deberá contar, cando menos, con:*
 - a) Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.*
 - b) Seguro/s de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco*

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 1 de xaneiro de 2019 e o 11 de novembro de 2019**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins derivados especificamente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar:

Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións mobles destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

As instalacións obxecto das axudas, responderán ás seguintes tipoloxía: carpas, estruturas móbiles ou instalacións similares

O número máximo de eventos ou instalacións para cuxo financiamento se solicitan as axudas: 3

CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **35.000,00 €** (trinta e cinco mil euros)

O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias

QUINTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓNS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

Non serán compatibles con ningunha outra subvención que, para os mesmos proxectos subvencionables na presente convocatoria tivese outorgado a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.



Concello de Vigo

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

SEXTA.- SOLICITUDE, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org), e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

10.1 Criterios de avaliación das solicitudes

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinada para tal fin no presente exercicio. Levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.**- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos
- | | |
|-----------------|---|
| Ano 87 a 93 | 5 |
| Ano 94 a 99 | 4 |
| Ano 2000 a 2005 | 3 |
| Ano 2006 a 2012 | 2 |

Ano 2013 a 2018	1
En adiante	0

- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1

- b) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.** - Ata 20 puntos.

Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- A) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais: Actividade/s desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos)

Ata 1 ano:	2 puntos
Ata 2 anos:	4 puntos
Ata 3 anos:	6 puntos
4 ou mais anos:	8 puntos

- B) Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

1 día:	2 puntos
2 días :	4 puntos
3 días :	6 puntos
4 ou mais días:	8 puntos

- C) Nº de actividades (máximo 3): Ata 2 puntos

1 actividade:	2 punto
2 actividades:	1 puntos
3 actividades:	0 puntos

- D) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si:	2 puntos
Non:	0 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

- c) **Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.** - Ata 5 puntos

De 1 € a 1.000 €:	1 punto
De 1.001 a 1.500 €:	2 puntos
De 1.501 a 2.000 €:	3 puntos
De 2.001 a 2.500 €:	4 puntos
De 2.501 a 2.700 €:	5 puntos

10.2. Criterios para o outorgamento das axudas segundo a valoración outorgada:



Concello de Vigo

Logo da comparación das solicitudes presentadas e o establecemento dun orden de prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración indicados no apartado anterior, as axudas se adxudicarán proporcionalmente atendendo á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Non obstante o anterior, cando o importe total das solicitudes debidamente presentadas, supere o orzamento previsto na presente convocatoria, a Comisión de Valoración realizará a proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación, para o cal, as solicitudes se ordenarán de forma descendente, segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, sendo o importe a subvencionar, o calculado para cada solicitante ata esgotar a contía máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis entidades acaden a mesma puntuación e soamente crédito orzamentario para algunha delas, se aplicarán os seguintes criterios de desempate na orde de prelación que se relacionan deseguido:

- 1º Puntuación mais alta na calidade e viabilidade técnica do proxecto de actividades
- 2º Puntuación máis alta na calidade técnica e económica da propostas
- 3º Maior puntuación na traxectoria e antigüidade da entidades

De continuar o empate, distribuirase proporcionalmente a contía dispoñible segundo o importe que lles correspondería no caso de que houbese crédito orzamentario, ata esgotar a contía máxima autorizada.

OITAVA.- PROCEDEMENTO: INSTRUCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao persoal técnico de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá
- 2 Vogais: Un/ha técnico/a e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

3- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, ós informe emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

4- Se algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/as interesados/as os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta coa valoración correspondente ao instructor; que formulará a proposta de **resolución definitiva** á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co CIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instructor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **4 meses** contados a partir da publicación desta convocatoria.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, **desistimento** que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

6- A resolución do procedemento poderá notificarse electrónicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remítiranse ás entidades interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificación por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ó seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnico, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de 10 días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.



Concello de Vigo

7- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) la Lei 39/2015 ao respecto.

8- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

9- **A beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, renuncia que será aceptada de plano polo administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo X**, aprobado con estas bases. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Participación Cidadá no vindeiro exercicio orzamentario.

10.- Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

NOVENA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 29 de novembro de 2019.** Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda. Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o consignados na solicitude de subvención.

DÉCIMA.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a practica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concelllo de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvención para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade



Concello de Vigo

concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO CONCELLO DE VIGO DE --/--/--, POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS DE ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2019.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRO.- BENEFICIARIOS

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas **nos epígrafes 1, 2, 3.2, 10.1 e 10.5, Rexistro Municipal de Asociacións (entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas)**, que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDO.- OBXECTO

a) Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse necesarios para o normal funcionamento da entidade, o cumprimento dos seus fins estatutarios e o desenvolvemento das súas actividades sociais

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 1 de xaneiro de 2019 e o 11 de novembro de 2019**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins derivados especificamente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar:

Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións mobles destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.

TERCEIRO.- BASES REGULADORAS

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de --/--/----, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

CUARTO.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de 35.000,00 € (trinta e cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada "Subvencións a entidades cidadás" do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 2.700 €.

QUINTA.- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

1- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet).

Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)** que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

11(979).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA "MONTE DA MINA" DE



Concello de Vigo

CASTRELOS PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA ENTIDADE NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES E PARA A COORDINACIÓN E XESTIÓN DO VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS NAS SÚAS INTALACIÓNS. EXPTE. 8729/320.

Visto o informe de fiscalización do 30/10/19, dáse conta do informe xurídico-proposta do 04/11/19, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 06/03/2019, D. Juan Freiría Barros (DNI: 35967067N), en calidade de presidente da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos (CIF: G-36623593), achegou escrito (doc.190032901), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2018-2019, a realizar entre o 01/11/2018 e o 30/09/2019, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Juan Freiría Barros, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 06/08/2019
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 29/07/2019
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 20/08/2019
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 22/08/2019

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).

5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).

6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).

7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (1 de Novembro 2018 a 30 de Setembro 2019)	
Luz	4.000,00 €
Auga	500,00 €
Combustible de calefacción	2.200,00 €
Teléfono	700,00 €
Seguros	3.500,00 €
Alarma	550,00 €
Gastos Administración	2.500,00 €
Gastos persoal	3.050,00 €
TOTAL	17.000,00 €

ORZAMENTO DE INGRESOS (01/11/2018 - 30/09/2019)	
Axuda Concello Viveiro de Asociacións	17.000,00 €
TOTAL	17.000,00 €

8. Contrato de traballo.

9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.



Concello de Vigo

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 6/87, segundo resolución da Alcaldía de data 09/03/1987.

V. O vixente exercicio presupostario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4890009 "Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos", cunha dotación orzamentaria de 17.000,00 €.

VI. En data 21/08/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 22/08/2019 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A Técnica de Administración Xeral, asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

IX. Con data 30/10/2019 emítase informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal concluíndo que:

"En todo caso o Servizo Xestor, con carácter previo ao sometemento do expediente ao coñecemento da Xunta de Goberno Local, debe acomodar o prazo máximo de xustificación previsto na cláusula novena, 31 de outubro de 2019, ás datas actuais".

De conformidade co solicitado, este servizo de Participación Cidadá, con data 4/11/2019, acomoda o prazo máximo de xustificación ás datas actuais, quedando así enmendada a observación feita polo servizo de intervención.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos para o fomento das actividades programadas a realizar pola entidade entre o 1 de novembro 2018 e o 30 de setembro de 2019, mediante a contribución nos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento daquelas, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, cuxa ocupación completa se estima que se produza ao longo do exercicio, dado o elevado número de peticións de espazos formuladas por entidades asociativas de diversa índole, para o desenvolvemento, por aquelas, dunha gran variedade de proxectos, actividades ou servizos cuxa execución redunda en beneficio da comunidade veciñal.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.

Segundo recolle o art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- *A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir.*

- *A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.*
- *A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxa.*
- *A desaparición dos desequilibrios entre barrios.*
- *A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxinadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.*
- *A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.*
- *A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.*
- *A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc...)*

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio D. Juan Freiría Barros, con DNI 35967067N, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.- G-36623593), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8729/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga



Concello de Vigo

efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conteno financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de novembro de 2018 e o 30 de

setembro de 2019, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4890009 "*Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*", cunha dotación orzamentaria de 17.000,00 €.

A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola "*A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*" no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.



Concello de Vigo

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/18 e o 30/09/19, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **11 de novembro de 2019**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a



Concello de Vigo

resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización de data 30/10/2019 da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 17.000,00 € (dezasete mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890009 denominada "*Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*", incluída no vixente orzamento municipal de 2019.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*" (CIF.- G36623593), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre o 1 de novembro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e para a coordinación e xestión pola entidade do viveiro de asociacións nas súas instalacións, e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 17.000 € (dezasete mil euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA ENTIDADE NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO

DAS SÚAS ACTIVIDADES ENTRE OS MESES DE NOVEMBRO 2018 A SETEMBRO DE 2019,
ASÍ COMO, PARA A COORDINACIÓN E XESTIÓN DUN VIVIEIRO DE ASOCIACIÓNS NAS
SÚAS INSTALACIÓNS

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Juan Freiría Barros, con DNI 35967067N, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF- G-36623593) con domicilio social en Monte da Mina, 16 Castrelos-Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente núm. 8729/320.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades

reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis

do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.



Concello de Vigo

II.- Que o Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, recibe múltiples solicitudes de diversas asociacións municipais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións para ser dotadas dun espazo físico onde desenvolver as súas xuntanzas, reunións e actividades.

Para levar adiante o compromiso de apoio ao tecido asociativo, o Concello de Vigo, ten necesidade de infraestruturas básicas que fagan posible a instalación de Viveiros de Asociacións, polo que se avalía moi positivamente a colaboración que presta a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos ao ceder parte das instalacións do seu local social para o uso de outras asociacións.

Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, mediante este convenio, establecen as canles de colaboración para coordinar e xestionar o Viveiro de Asociacións creado nas instalacións da A.V.C.D. "Monte da Mina", así como, as accións encamiñadas ao fomento das actividades da propia asociación que redundan en beneficio de toda a veciñanza.

III.- Que a entidade A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, de conformidade co art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir.*
- A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.*
- A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxa.*
- A desaparición dos desequilibrios entre barrios.*
- A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxinadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.*
- A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.*
- A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.*
- A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc...)*

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 09/03/87, a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 6/87.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos leve a cabo as actividades sociocomunitarias e socioculturais planificadas e a realizar entre o 1 de novembro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, segundo memoria achegada, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións, creado no ano 2005 mediante convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a referida entidade, nas súas instalacións,

que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890009, denominada "Convenio Asociación Monte da Mina", nominativa a favor da entidade, cunha consignación presupostaria de 17.000 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades entre o 1 de novembro de 2018 a 30 de setembro de 2019, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, cuxa contía total, na parte proporcional, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (1 de Novembro 2018 a 30 de Setembro 2019)	
Luz	4.000,00 €
Auga	500,00 €
Combustible de calefacción	2.200,00 €
Teléfono	700,00 €
Seguros	3.500,00 €
Alarma	550,00 €
Gastos Administración	2.500,00 €
Gastos persoal	3.050,00 €
TOTAL	17.000,00 €

VIII.- Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos non incorre en ningunha circunstancia e prohibición recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociocultural, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes



Concello de Vigo

PACTOS

Primeiro.- A entidade A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos comprométese a colaborar coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo para garantir a continuidade do Viveiro de Asociacións instalado nas dependencias do seu local social, e concretamente:

1. A por a disposición do Concello de Vigo os espazos que deseguido se relacionan:

Planta 1^a

Local	Medidas	Superficie
Sala de lecturas	14,60 x 7,40	108,04 m ²
Sala de xuntas	5,45 x 5,80	31,61 m ²

Primeiro soto

Local	Medidas	Superficie
Núm. 1	9,60 x 5,60	53,76 m ²
Núm. 2	2,20 x 5,60	12,32 m ²
Núm. 3	6,00 x 8,10	48,60 m ²
Núm. 4	2,90 x 6,38	18,49 m ²
Núm. 5	6,00 x 6,65	39,90 m ²
Núm. 6	9,00 x 3,60	32,40 m ²
Núm. 7	6,10 x 5,40	32,94 m ²
Núm. 11	5,35 x 4,30	22,90 m ²

A utilización dos locais do primeiro soto, farase en réxime de exclusividade por aquelas asociacións beneficiarias da súa cesión en uso conforme aos criterios de selección establecidos polo Concello de Vigo, mentres que a utilización da Sala de Lectura e Xuntas da primeira planta

estará en réxime compartido, previa solicitude das asociacións integradas no Viveiro de Asociacións.

2. Xestionar as autorizacións necesarias para a cesión en uso dos espazos comúns.

3. Xestionar o cobro da cota de participación nos gastos de mantemento das instalacións, xa que, os gastos ocasionados polo seu uso serán asumidos polas asociacións integradas no Viveiro de Asociacións. A porcentaxe de participación de cada unha delas será establecida pola Comisión de Seguimento.

4. Desenvolver as actividades programadas pola entidade para os meses de novembro 2018 a setembro de 2019, conforme ao proxecto achegado.

5. Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.

6. Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.

7. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.

8. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades programadas.

9. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.

10. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade posible, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo.

11. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

12. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto décimo deste convenio.

13. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Segundo. - O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Establecer os mecanismos de selección das entidades beneficiarias da cesión en uso dos locais postos a disposición do Concello de Vigo por parte da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.

2. Conceder directamente á entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos unha subvención por importe de 17.000 € (dezasete mil euros), con cargo a partida orzamentaria nominativa nº 9240. 4890009, denominada "Convenio Asociación Monte da Mina", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programados e a realizar entre o 1 de novembro 2018 e o 30 de setembro de 2019, así como, para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, en definitiva, para o fomento das súas actividades, do asociacionismo e da participación cidadá.

Considéranse gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o seu normal desenvolvemento, tales como: gastos de administración, mantemento das



Concello de Vigo

instalacións, subministros (teléfono, auga, luz, combustible...), tributos aboados efectivamente polo beneficiario da subvención, etc...

3. Respetar a estrutura organizativa da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto décimo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- *A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos no desenvolvemento das actividades subvencionadas.*

Cuarto.- *En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Quinto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se*

coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sétimo.-A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 01/11/2018 ao 30/09/2019.

Noveno.- Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de seguimento integrada por:

1. Representantes do Concello de Vigo:
 - O concelleiro de Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, que ostentará a Presidencia.
 - O/A xefe/a do servizo de Participación Cidadá.
2. Representantes do A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos:
 - Presidente da asociación.
 - Secretario da asociación que actuará como secretario da comisión.
3. Viveiro de Asociacións:
 - Un representante de cada unha das asociacións participantes.

Décimo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **11 de novembro de 2019**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada

a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con



Concello de Vigo

indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A Conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificárase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
 - Contrato de traballo
 - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Nóminas correspondente aos meses imputados.
 - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
 - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento



Concello de Vigo

e) *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.*

f) *A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

g) *Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:*

- *Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- *Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- *No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) *No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.*

i) *Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.*

Décimo primeiro.- *A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES40 2080 5073 0930 4000 2195 (ABANCA).*

Décimo segundo.- *Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.*

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en

ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.

Décimo terceiro- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/11/18 e o 30/09/19.

Décimo cuarto.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo oitavo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos



Concello de Vigo

Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo noveno.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

Vixésimo.- *A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

Vixésimo primeiro.- *O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019).*

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica.

12(980).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CON SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTENIMENTO E DE ALUGUER DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO. EXPTE. 8697/320.

Visto o informe de fiscalización do 30/10/19, dáse conta do informe-proposta do 04/11/19, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 04/03/2019, Don José Ramón Girón García (DNI: 33214346T), en calidade de presidente da entidade "Saúde Mental FEAFES Galicia" (CIF: G15545353), achegou escrito (doc.190031778), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade para o 2019, entre o 01/11/2018 ata o 30/09/2019, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don José Ramón Girón García, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A entidade "Saúde Mental FEAFES Galicia", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmentemente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 21/10/19
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 21/10/19
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 21/10/19
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 22/08/19

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).



Concello de Vigo

7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE ALUGUER E MANTEMENTO (01/11/18 - 30/09/19)	
Aluguer local	7.068,60 €
Material Divulgativo	105,00 €
TOTAL	7.173,60 €

ORZAMENTO DE INGRESOS (01/11/2018 - 30/09/2019)	
Concello de Vigo	5.000,00 €
Aportación propia da entidade	2.173,60 €
TOTAL	7.173,60 €

8. Contrato de aluguer.

9. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificantes bancarios acreditativos da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Entidade Saúde Mental FEAFES Galicia", está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 479/96, segundo resolución de data 29/07/1996.

V. O vixente exercicio presupostario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4800007 “*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*”, cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

VI. En data 14/03/2019 o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 22/08/2019 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A Técnica de Administración Xeral, asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

IX. Con data 30/10/2019 emítase informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal concluíndo que:

“En todo caso o Servizo Xestor, con carácter previo ao sometemento do expediente ao coñecemento da Xunta de Goberno Local, debe acomodar o prazo máximo de xustificación previsto na cláusula novena, 31 de outubro de 2019, ás datas actuais”

De conformidade co solicitado, este servizo de Participación Cidadá, con data 4/11/2019, acomoda o prazo máximo de xustificación ás datas actuais, quedando así enmendada a observación feita polo servizo de intervención.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á entidade Saúde Mental FEAFES Galicia (G15545353), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende novembro de 2018 ata setembro de 2019.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa entidade Saúde Mental FEAFES Galicia.

Segundo recolle o art. 6 dos Estatutos de Saúde Mental FEAFES Galicia, entre os fins , de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- ✓ Defender os intereses e intervir na resolución dos problemas deste colectivos.
- ✓ Esixir a adecuada atención sanitaria e social das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, a favor da rehabilitación, reinserción social e integración laboral.
- ✓ Promover a sensibilización e mentalización social cara este colectivo, chamando a atención sobre a marxinación e discriminación que existe nos aspectos sanitarios,



Concello de Vigo

sociais e laborais, reforzando o principio de solidariedade entre as asociacións e a sociedade.

- ✓ Promover e coordinar as demandas e propostas do colectivo representado ante os organismos oficiais pertinentes, defendendo os seus lexítimos dereitos, mediante a súa participación nos órganos planificadores e lexisladores en materia de saúde mental e servizos sociais, recabando do poderes públicos e doutras entidades leis e programas que favorezan os intereses do colectivo.
- ✓ Unificar e coordinar accións para a creación dunha forza integral para a defensa dos seus obxectivos.
- ✓ Esixir a creación de servizos alternativos á hospitalización e o establecemento de sistemas alternativos e substitutivos á familia.
- ✓ Proporcionar información constante e eficaz co fin de agrupar e crear un foro común de todo o colectivo.
- ✓ Promover a información e o intercambio de experiencias entre as asociacións federadas.
- ✓ Estimular a investigación sobre as enfermidades mentais e a prevención das mesmas.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio Don José Ramón Girón García, con DNI 33214346T, en calidade de Presidente da entidade Saúde Mental FEAFES Galicia (CIF : G15545353), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8697/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder

subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conteno financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tribu-



Concello de Vigo

taria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de novembro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4800007 “*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*”, cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á entidade Saúde Mental FEAFES Galicia son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/18 e o 30/09/19, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **11 de novembro de 2019**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.



Concello de Vigo

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden

ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización de data 30/10/2019 da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 5.000,00 € (cinco mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.480007 denominada "*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*", incluída no vixente orzamento municipal de 2019.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade "*Saúde Mental FEAFES Galicia*" (CIF.- G15545353), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de novembro de 2018 e setembro de 2019, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 5.000,00 € (cinco mil euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL ENTRE OS MESES DE NOVEMBRO DE 2018 A SETEMBRO DE 2019, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. José Ramón Girón García, con DNI 33214346T, en calidade de presidente de Saúde Mental FEAFES Galicia (CIF: G15545353), con domicilio fiscal en Rúa Belgrado, núm. 1 de Santiago de Compostela (A Coruña) e delegación en Vigo, na Rúa Aragón, 147 Baixo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 8697/320.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, sanitarias, culturais, artísticas educativas, etc. inflúen entre a

poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociosanitario que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de defensa do colectivo de persoas con problemas de saúde mental, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas á defensa e atención sanitaria e social destas persoas e dos seus familiares, sendo, Saúde Mental FEAFES Galicia unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, a entidade “Saúde Mental FEAFES Galicia”, ten, en xeral, como finalidade, a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e a dos seus familiares, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender os intereses e intervir na resolución dos problemas deste colectivo.
- ✓ Esixir a adecuada atencións sanitaria e social das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, a favor da rehabilitación, reinserción social e integración laboral.
- ✓ Promover a sensibilización e mentalización social cara este colectivo, chamando a atención sobre a marxinación e discriminación que existe nos aspectos sanitarios, sociais e laborais, reforzando o principio de solidariedade entre as asociacións e a sociedade.
- ✓ Promover e coordinar as demandas e propostas do colectivo representado ante os organismos oficiais pertinentes, defendendo os seus lexítimos dereitos, mediante a súa participación nos órganos planificadores e lexisladores en materia de saúde mental e servizos sociais, recabando dos poderes públicos e doutras entidades leis e programas que favorezan os intereses do colectivo.
- ✓ Unificar e coordinar accións para a creación dunha forza integral para a defensa dos seus obxectivos.
- ✓ Esixir a creación de servizos alternativos á hospitalización e o establecemento de sistemas alternativos e substitutivos á familia.
- ✓ Proporcionar información constante e eficaz co fin de agrupar e crear un foro común de todo o colectivo.
- ✓ Promover a información e o intercambio de experiencias entre as asociacións federadas.
- ✓ Estimular a investigación sobre as enfermidades mentais e a prevención das mesmas.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, Saúde Mental FEAFES Galicia atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 479/96 no epígrafe 1.2.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade Saúde Mental FEAFES Galicia leve a cabo os proxectos e actividades sociosanitarias planificadas, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de novembro de 2018 ata setembro de 2019, situado na Rúa Aragón, 147 Baixo, necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2019), a partida orzamentaria nº 9240.4800007, denominada “Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia” nominativa a favor da entidade, cunha consignación presupostaria de 5.000,00 €.



Concello de Vigo

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da federación, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social entre novembro de 2018 ata setembro de 2019, situado na Rúa Aragón 147 Baixo, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programados para este ano, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos, e o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE ALUGUER E MANTEMENTO (01/11/18 - 30/09/19)	
Aluguer local	7.068,60 €
Material Divulgativo	105,00 €
TOTAL	7.173,60 €

VIII.- Que a entidade Saúde Mental FEAFES Galicia non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, sanitario, cultural, formativo, informativo, reivindicativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Saúde Mental FEAFES Galicia, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociosanitario, asistencial, formativo, informativo e reivindicativo, dirixidas a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e a dos seus familiares, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Saúde Mental FEAFES Galicia comprométese a colaborar coa concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Saúde Mental FEAFES Galicia unha subvención por importe de 5.000 € (cinco mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800007, denominada "Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia", do vixente orzamento municipal (2019), co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de novembro de 2018 ata setembro de 2019, situado na Rúa Aragón 147 Baixo, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para este ano, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa de Saúde Mental FEAFES Galicia.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.



Concello de Vigo

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións con Saúde Mental FEAFES Galicia.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura

do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende novembro de 2018 ata setembro de 2019.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase por Saúde Mental FEAFES Galicia, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 11 de novembro de 2019.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán

axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas dixitalmente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:



Concello de Vigo

1. *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
2. *Datas e lugar de celebración.*
3. *Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
4. *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.*
5. *Actuacións realizadas.*
6. *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
7. *No seu caso, memoria de prensa e comunicación.*
8. *No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
9. *Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.*

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente, podendo substituírse pola presentación dun balance que

abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- *daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- *en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- *no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)*
- *de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria*
- *as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención*
- *cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente*
- *as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a*

acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF*
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención*
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento*

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES47 2080 03 4833 3040010551 (ABANCA).



Concello de Vigo

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen, no período comprendido entre o 01/11/18 e o 30/09/19.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpg.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019),

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

13(981).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE TRES SUBALTERNOS/AS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO (TREBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE. 34780/220.

Visto o informe de fiscalización do 31/10/19, dáse conta do informe-proposta do 29/10/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira de Xestión Municipal, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

1.- Con data 09/09/2019, a Xefa de Conserxería, remite oficio, conformado pola Concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, manifestando a urxente necesidade de tres subalternos/as para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, a concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 02/10/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de tres Subalternos/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 14/10/2019, emítase polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente



Concello de Vigo

xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-ordenanza-porteiro/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de

tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa de Conserxería, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de tres subalternos/as para Conserxería, supón un gasto de **33.225,74 €**, dos que 12.821,38€, corresponde ao presente exercicio e, 20.404,36 € ao vindeiro exercicio 2020, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **10.899,90 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, dos que 4.161,05€, corresponde a presente exercicio e, 6.738,26€ ao vindeiro exercicio 2020.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente" do orzamento do exercicio 2019 (2,35 meses) e ao vindeiro orzamento 2020 (3,65 meses).

De aprobarse o presente expediente obrigaría a incorporar o correspondente AFUT no vindeiro orzamento 2020 nunha contía total de 20.404,36 €.

Engade ademais, que as cantidades comprometidas nos diferentes AFUT nos diferentes exercicios son as seguintes: 2020, por un total de 968.718,08€, 2021, por un total de 96.885,16€ e, 2022, por un total de 24.214,46€.



Concello de Vigo

Non obstante, e considerando a obxección indicada no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalterno/a, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Subalternos/as de: D. A. ROCA BARCIA, con DNI ***3269**, D^a. A. RODRÍGUEZ CALVEIRO, con DNI ***7366** e D. A. FERNÁNDEZ GIL, con DNI ***5700**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

Os mesmos aceptaron expresamente mediante escritos que constan anexados ao expediente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia nos nomeamentos de tres funcionarios interinos por acumulación de tarefas, como **Subalternos**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades de **Conserxería**, contidas no escrito do 09/09/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **33.225,74 €**, dos que 12.821,38€, corresponde ao presente exercicio e, 20.404,36 € ao vindeiro exercicio 2020, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **10.899,90 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, dos que 4.161,05 €, corresponde a presente exercicio e, 6.738,26 € ao

vindeiro exercicio 2020 reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como **Subalternos** a: D. A. ROCA BARCIA, con DNI ***3269**, D^a. A. RODRÍGUEZ CALVEIRO, con DNI ***7366** e D. A. FERNÁNDEZ GIL, con DNI ***5700**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 155-ordenanza-porteiro/a), sendo adscrita a Conserxería, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos funcionarios interinos nomeados desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo os aspirantes nomeados, Á Xefa de Conserxería, A Xefa da Área de Réxime Interior, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(982).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA "ASOCIACIÓN CULTURAL VÉRTIXE SONORA" PARA A ORGANIZACIÓN DO VII



Concello de Vigo

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA 2019. EXPTE. 2901/330.

Visto o informe xurídico do 01/10/19 e informe de fiscalización do 30/10/19, dáse conta do informe-proposta do 30/09/19, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O día 12.09.2019, a “ASOCIACIÓN CULTURAL VÉRTIXE” presenta a través da sede electrónica solicitude de subvención e documentación anexa ; por este motivo, o día 18 de setembro do 2019, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do “*Festival Internacional de Creación Musical Contemporánea 2019*”, e realizar un convenio con esta entidade para regulalo, polo importe de 7.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A “**ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE**” é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa “*Festival Internacional de Creación Musical Contemporánea*”, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e sen prexuízos da creación sonora internacional.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

CONCERTOS

Sábado 26 de outubro 18:00 h. | Auditorio Martín Códax Conservatorio Superior de Música, Vigo CARTOGRAPHY OF PERIPHERAL SPACES Vertixe Sonora Cinco estreas absolutas para esta programación multimedia.

Programa **JEREMÍAS ITURRA** (México) *Reverse Tracking Shot** (2015) *fruta, saxofón, violín, violonchelo, piano*

CAMILO A. MÉNDEZ (Colombia) *Cartography of Peripheral Spaces*** (2019) *fruta, saxofón, fagot, violín, violonchelo, piano, percusión*

JUAN CAMILO HERNÁNDEZ1 (Colombia) *Título por determinar*** (2019) *fruta, saxofón, violín, violonchelo, piano, percusión, electrónica*

SAMI KEMOLA (Finlandia) *Título por determinar*** (2019) *fruta, saxofón, fagot, violín, violonchelo, piano, percusión, electrónica*

IVÁN FERRER (México) *Estrépito* (2019) *fruta, saxofón, violín, violonchelo, piano, percusión, electrónica*

*Estrea nova versión **Estrea absoluta. Encomenda de Vertixe Sonora 1Co apoio de SACEM

VERTIXE SONORA Clara Saleiro *frauta* | Pablo Coello *saxofón* | David Arroyos *fagote* | Kiyoko Ohashi *violín* | Ailsa Lewin *violonchelo* | David Durán *piano* | Diego Ventoso *percusión* | Ángel Faraldo *electrónica*

Domingo 27 de outubro, 12h | Auditorio Martín Códax Conservatorio Superior de Música, Vigo BRUMARIO Javier Martín

BRUMARIO é un proxecto de investigación e creación en código aberto, versado nos rigores da improvisación a nivel de son e movemento. Cunha marcada identidade artística que aposta pola produción local de coñecemento, este encontro entre Vertixe Sonora e o coreógrafo Javier Martín busca desenvolver un concerto performativo baseado no concepto de vibración como lugar que atravesa e conforma ambas disciplinas. Mantendo unha metodoloxía de traballo en contacto co público, búscase que a creación aflore nun contexto participado pola crítica, á vez que se crea un contexto subxectivo para o seu coidado.

Programa HEATHER STEBBINS (*Canadá, 1987*) *Ursa Major (2017)*

VERTIXE SONORA + JAVIER MARTÍN *Improvisacións a partir do Feedback* JAVIER MARTÍN *artes do movemento*

VERTIXE SONORA Pablo Coello *saxofón* | David Durán *piano* | Diego Ventoso *percusión* | Ángel Faraldo *electrónica*

JAVIER MARTÍN Coreógrafo e artista contemporáneo da Coruña, desenvolve proxectos de investigación de corte epistemolóxico en torno ás artes do movemento que atopan as súas fugas en distintos desbordamentos discursivos e as súas aplicacións. A creación estética, escrita, conferencias- performativas, procesos de obra acompañados de laboratorios e grupos de investigación, intervención de itinerarios formativos en distintas universidades ou a organización de seminarios, son terreos nos que atopamos a Javier Martín.

Con máis de 10 anos de traxectoria profesional, estreou máis de trinta pezas en distintas partes do mundo, establecendo sinerxías creativas con artistas de diferentes disciplinas, como o pianista ruso Oleg Karavaichuk no Proxecto Symptoma; o fotógrafo e cineasta Tono Mejuto na película de cine-danza Qviasma, co escultor Joaquín Jara EN SOMA. En 2017, o Museo Uiversidad de Navarra publicou "Javier Martín.Cuaderno de creación", o primeiro monográfico sobre o seu traballo artístico.

FESTIVAL VERTIXE SONORA 2019

En paralelo: actividades ao redor do Festival Vertixe Sonora de Creación Musical Contemporánea 2019 realizadas en Vigo

En colaboración co Conservatorio Superior de Música de Vigo, Conservatorio Profesional de Música de Vigo, Conservatorio Profesional de Música de Tui, Academia de Música Fortaleza de Valença e Asomúsica.

ALÉN 2019. Obradoiros instrumentais de música contemporánea

Venres 27 de setembro | Lugar por determinar, Vigo

1. ALVARO ZEGERS O clarinete por explorar

Horario 17:00-18.00

Venres 27 de setembro | Lugar por determinar, Vigo

2. MIQUEL BERNAT Estudos de Concerto para Marimba

Horario 19:00-20.003.



Concello de Vigo

DA ARTE SONORA E DA MÚSICA CONTEMPORÁNEA Conferencias

Venres 27 de setembro | Conservatorio Superior de Música, Vigo

1. ALEXANDER F. MÜLLER, PABLO VERGARA, CRISTOBAL MORALES OSSIO e ÁLVARO ZEGERS

Horario 10:00-14:00

ACCIÓNS SONORAS

Outubro e novembro | Colexio Plurilingüe San José de la Guía, VIGO

NERVADURAS con Blanca Viñas, Miguel Pipa, Ignacio Barcia

Instalación sonora realizada cos materiais de refugallo e elementos da natureza atopados nun tramo do camiño portugués. Tempo, lugar, movemento e son a través do espazo, que conectan a nosa experiencia de vida e a idea da viaxe. Nervadura reflexiona sobre a intelixencia múltiple das estruturas vexetais e a súa capacidade adaptativa. Está deseñada para a manipulación por cativos. Desenvolvida coa participación do alumnado do Ciclo Superior de Educación Infantil San José da Guía.

MÚSICA POR DENTRO 19

Concertos Proxecto de achegamento ao feito sonoro para Primaria e Secundaria.

Gratuito até completar capacidade por riguroso orde de inscrición.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 11.882,82 € (once mil oitocentos oitenta e dous euros con oitenta e dous céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 € (58,90 %)
- Aportación da entidade: 3882,82 € (32,67 %)
- SACEM: 1.000 € (8,41 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Capacidade legal do presidente da entidade

- Seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito remitido pola ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE de aceptación do texto do convenio de colaboración proposto, relativo á organización e realización do “*Festival Internacional de creación musical contemporánea 2019*”.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE”, para a organización e realización do “*Festival Internacional de creación musical contemporánea 2019*”, obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativa.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE ten como obxecto financiar a organización do “*Festival Internacional de creación musical contemporánea 2019*” e figura na partida 3340.480.00.00 “CONVENIO FESTIVAL VÉRTIXE SONORA”, a concesión dunha subvención nominativa polo importe de 7.000 €, a favor da dita entidade.



Concello de Vigo

A subvención do Concello de Vigo á “ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.000€ (sete mil euros) á “ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE”, CIF. G27751296, para o financiamento do “Festival Internacional de Creación Musical contemporánea 2019”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 “CONVENIO FESTIVAL VERTIXE SONORA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

“SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festival Internacional de creación musical contemporánea 2019.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA 2019.

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezanove

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

Doutra, D. Ramón Souto Caride, na súa condición de presidente da Asociación Cultural Vertixe (CIF G27751296) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na rúa Canceleiro, 16, 2º B, CP 36201 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*Que a **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE** é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa **Festival Internacional de creación musical contemporánea**, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuízada da creación sonora internacional.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE**, como medio que é de promover a música contemporánea na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.00, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE**, a cantidade de 7.000 euros.*

*IV.- Que a **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa Festival



Concello de Vigo

Internacional de cración musical contemporánea durante o exercicio 2019, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 11.882,82 € (once mil oitocentos oitenta e dous euros con oitenta e dous céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 € (58,90 %)
- Aportación da entidade: 3882,82 € (32,67 %)
- SACEM: 1.000 € (8,41 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

CONCERTOS

Sábado 26 de outubro 18:00 h. | Auditorio Martín Códax Conservatorio Superior de Música, Vigo CARTOGRAPHY OF PERIPHERAL SPACES Vertixe Sonora Cinco estreas absolutas para esta programación multimedia.

Programa JEREMÍAS ITURRA (México) Reverse Tracking Shot* (2015) frauta, saxofón, violín, violonchelo, piano

CAMILO A. MÉNDEZ (Colombia) Cartography of Peripheral Spaces** (2019) frauta, saxofón, fagot, violín, violonchelo, piano, percusión

JUAN CAMILO HERNÁNDEZ1 (Colombia) Título por determinar** (2019) frauta, saxofón, violín, violonchelo, piano, percusión, electrónica

SAMI KEMOLA (Finlandia) Título por determinar** (2019) frauta, saxofón, fagot, violín, violonchelo, piano, percusión, electrónica

IVÁN FERRER (México) Estrépito (2019) frauta, saxofón, violín, violonchelo, piano, percusión, electrónica

*Estrea nova versión **Estrea absoluta. Encomenda de Vertixe Sonora 1Co apoio de SACEM
VERTIXE SONORA Clara Saleiro frauta | Pablo Coello saxofón | David Arroyos fagote | Kiyoko Ohashi violín | Ailsa Lewin violonchelo | David Durán piano | Diego Ventoso percusión | Ángel Faraldo electrónica

Domingo 27 de outubro, 12h | Auditorio Martín Códax Conservatorio Superior de Música, Vigo BRUMARIO Javier Martín

BRUMARIO é un proxecto de investigación e creación en código aberto, versado nos rigores da improvisación a nivel de son e movemento. Cunha marcada identidade artística que aposta pola produción local de coñecemento, este encontro entre Vertixe Sonora e o coreógrafo Javier Martín busca desenvolver un concerto performativo baseado no concepto de vibración como lugar que atravesamos e conforma ambas disciplinas. Mantendo unha metodoloxía de traballo en contacto co público, búscase que a creación aflore nun contexto participado pola crítica, á vez que se crea un contexto subxectivo para o seu coidado.

Programa HEATHER STEBBINS (Canadá, 1987) Ursa Major (2017)

VERTIXE SONORA + JAVIER MARTÍN Improvisacións a partir do Feedback JAVIER MARTÍN artes do movemento

VERTIXE SONORA Pablo Coello saxofón | David Durán piano | Diego Ventoso percusión | Ángel Faraldo electrónica

JAVIER MARTÍN Coreógrafo e artista contemporáneo da Coruña, desenvolve proxectos de investigación de corte epistemolóxico en torno ás artes do movemento que atopan as súas fugas

en distintos desbordamentos discursivos e as súas aplicacións. A creación estética, escrita, conferencias- performativas, procesos de obra acompañados de laboratorios e grupos de investigación, intervención de itinerarios formativos en distintas universidades ou a organización de seminarios, son terreos nos que atopamos a Javier Martín.

Con máis de 10 anos de traxectoria profesional, estreou máis de trinta pezas en distintas partes do mundo, establecendo sinerxías creativas con artistas de diferentes disciplinas, como o pianista ruso Oleg Karavaichuk no Proxecto Symptoma; o fotógrafo e cineasta Tono Mejuto na película de cine-danza Qviasma, co escultor Joaquin Jara EN SOMA. En 2017, o Museo Uiversidad de Navarra publicou "Javier Martín.Cuaderno de creación", o primeiro monográfico sobre o seu traballo artístico.

FESTIVAL VERTIXE SONORA 2019

En paralelo: actividades ao redor do Festival Vertixe Sonora de Creación Musical Contemporánea 2019 realizadas en Vigo

En colaboración co Conservatorio Superior de Música de Vigo, Conservatorio Profesional de Música de Vigo, Conservatorio Profesional de Música de Tui, Academia de Música Fortaleza de Valença e Asomúsica.

ALÉN 2019. Obradoiros instrumentais de música contemporánea

Venres 27 de setembro | Lugar por determinar, Vigo

1. ALVARO ZEGERS O clarinete por explorar

Horario 17:00-18.00

Venres 27 de setembro | Lugar por determinar, Vigo

2. MIQUEL BERNAT Estudos de Concerto para Marimba

Horario 19:00-20.003.

DA ARTE SONORA E DA MÚSICA CONTEMPORÁNEA Conferencias

Venres 27 de setembro | Conservatorio Superior de Música, Vigo

1. ALEXANSER F. MÜLLER, PABLO VERGARA, CRISTOBAL MORALES OSSIO e ÁLVARO ZEGERS

Horario 10:00-14:00

ACCIÓN SÓNDORAS

Outubro e novembro | Colexio Plurilingüe San José de la Guía, VIGO

NERVADURAS con Blanca Viñas, Miguel Pipa, Ignacio Barcia

Instalación sonora realizada cos materiais de refugallo e elementos da natureza atopados nun tramo do camiño portugués. Tempo, lugar, movemento e son a través do espazo, que conectan a nosa experiencia de vida e a idea da viaxe. Nervadura reflexiona sobre a intelixencia múltiple das estruturas vexetais e a súa capacidade adaptativa. Está deseñada para a manipulación por cativos. Desenvolvida coa participación do alumnado do Ciclo Superior de Educación Infantil San José da Guía.

MÚSICA PORDENTRO 19

Concertos Proxecto de achegamento ao feito sonoro para Primaria e Secundaria.

Gratuíto até completar capacidade por riguroso orde de inscrición.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA



Concello de Vigo

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Ramón Souto Caride, presidente da entidade.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

–Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

–Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

–Xestionar o pagamento do importe da subvención (7.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou

persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).



Concello de Vigo

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:

1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.



Concello de Vigo

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das

publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE



Concello de Vigo

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO
ORZAMENTO DO PROGRAMA
“FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA 2019

1.- GASTOS:

Administración	1.014,95 €
Promoción e publicidade	2.541 €
Produción	2.305,87 €
Cachés	5521 €
TOTAL GASTOS	11.882,82 €

2.- INGRESOS:

Concello de Vigo	7.000 €
Aportación da entidade	3882,82 €
SACEM	1.000 €
TOTAL INGRESOS	11.882,82 €

15(983).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRA LUMES E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL – LAVADORES. EXPTE. 4235/443.

Visto o informe de fiscalización do 29/10/19, dáse conta do 21/10/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Con data 21 de abril de 2017 produciuse un incendio nas dependencias do parque móbil, no parque central de servizos municipais ubicado en Lavadores, que determinó, segundo informe dos enxeñeiros municipais a necesidade de contratar os servizos para a Redacción do proxecto de mellora do Parque Central de Servizos Municipais para reparar os danos producidos polo incendio e abordar a reforma do parque central, adaptando as dependencias e instalacións á normativa mais recente.

II.- Mediante Resolución do Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 14 de xullo de 2017 se autorizou o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da arquitecta Dña. IRIA URDAMPILLETA PÉREZ, colexiada 4587, do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

III.- Dña. IRIA URDAMPILLETA PÉREZ, presentou o proxecto "REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUCTURA, ADAPTACIÓN CONTRA LUMES E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL - LAVADORES", cun orzamento base de licitación máis IVE de 426.116,78 euros.

IV.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 6.05.2019, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

V.- Proponse unha actuación nas dependencias do parque móbil, no parque central de servizos municipais ubicado en Lavadores que inclúe a reparación dos danos producidos polo incendio xurdido na planta semisótano do edificio en abril de 2017 e abordar a reforma do parque central, para adaptar as dependencias e instalacións á normativa actual.

Consisten as obras a executar no enumerado a continuación:

- Demolición das rampas das escaleira existentes, a fin de volver a reconstruílas, para que poidan evacuar directamente ao exterior; apertura nos forxados de todas as plantas para a nova construción dun núcleo de escaleiras e instalación dun ascensor para a comunicación vertical de todas as plantas, novo acceso dende os locais da entreplanta do semisótano ao exterior, na zona de vestiarios, coa súa correspondente escaleira e carpintería exterior.
- Dotación tabiquería en zonas específicas a fin de determinar vías de evacuación dotadas de portas resistentes ao lume en todos os accesos.
- Reparación específica do forxado que foi obxecto de acción directa do lume.
- Renovación de carpintería exterior, nas zonas que prevese un novo acceso ou saída de evacuación.
- Reposición e renovación de instalacións de fontanería, eléctricas, protección que resultaron danadas, así como nova ubicación de sistemas de protección.
- Acabados a base de enfoscados previos sobre novos tabiques, con tratamento final a base de pinturas, pulido de pavimentos, e reparación de plaquetas cerámicas que sexa necesario, así como reposición de falsos teitos.

O prazo estimado para a execución do proxecto é de 7 meses.



Concello de Vigo

VI.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 16.10.2019 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente indicando que a documentación do proxecto cumpre os obxectivos do contrato de redacción e considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos legais esixidos de conformidade coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- A obra desenvólvese dentro da área de protección, dun elemento catalogado "Conxunto parroquial de Sta. Cristina de Lavadores" ficha no A_160" ubicado en el plano 9-0 del catálogo municipal de elementos patrimoniais.

A Instrución de 8 de novembro de 2017, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento (publicada no DOG de 5.12.2017), no seu apartado cuarto, establece que:

*"Tomando en consideración que o contorno de protección dun ben non resulta de por si un ben protexido, senón que ten tal consideración en función dos valores culturais do ben que se protexe, medida con que se procuran manter as condicións de integración no territorio que o circunda e á vista do establecido no artigo 45.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, cómpre interpretar que as **intervencións propostas nos contornos de protección que non teñan efectos sobre as condicións de apreciación nin perturben ao sentido do ben protexido no seu ambiente non precisan de autorización previa en materia de protección do patrimonio cultural.***

As intervencións que polo seu carácter de escasa complexidade técnica e nula afección aos bens protexidos (aos seus valores, á súa contemplación, apreciación ou estudo e ao carácter arquitectónico e paisaxístico da zona), e que non impidan ou perturben a súa contemplación nin supoñan ningún risco para os bens -por producírense no interior de edificios ou locais que non contén con ningunha protección polo seu valor cultural e non supoñan ningunha manifestación en absoluto cara ao exterior- non precisan da autorización previa da DXPC.

En consecuencia, e segundo se recolle no Informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 16.10.2019, de conformidade coa devandita Instrución e co disposto no artigo 45.2 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia esta intervención non precisa de autorización da Consellería de Cultura.

IV.- O proxecto de obras, segundo resulta do informe técnico que obra no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

V.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

VI.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de ""REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRA LUMES E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL - LAVADORES", redactado por Dna. IRIA URDAMPILLETA PÉREZ, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS VENTISEIS MIL CENTO DEZASEIS EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (426.116,78 €) e con sinatura dixital de data 16 de outubro de 2019.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(984).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPARACIÓNS DA FLOTA DE VEHÍCULOS, INCLUÍDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓNS, DO CONCELLO DE VIGO (LOTE 1 E LOTE 2). EXPTE. 13218/445.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.



Concello de Vigo

17(985).- APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 6/2019 (CRÉDITO EXTRAORDINARIO) DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 11940/407.

Dáse conta do informe-proposta do 23/10/19, asinado polo xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, e a vicepresidente da mesma, que di o seguinte:

Visto o Decreto da Vicepresidente de Urbanismo de 14 de outubro de 2019, incoando expediente de modificación orzamentaria, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emítase o seguinte informe:

1º) Os gastos que se pretende incluír no Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen prexuízo para os intereses xerais da Entidade, por ser urxentes e de necesaria realización.

2º) O importe de 1.678.869,37 euros destínase as seguintes partidas:

Partida	Concepto	Crédito inicial	Alta
1510.6810400	Sentenza parcela Gorxal	0,00 €	233.640,00 €
1510.6000002	Expropiacións Cidade da Xustiza	0,00 €	445.229,37 €
1510.6000004	Outras expropiacións	0,00 €	850.000,00 €
1510.6090100	Investimentos bens de uso público	0,00 €	150.000,00 €

3º) A presente modificación supón un crédito extraordinario de 1.678.869,37 euros, polo que a competencia de aprobación correspóndelle ao Pleno, de acordo co establecido polo citado artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto Refundido para a aprobación do Orzamento.

4º) O financiamento desta modificación realizarase mediante o remanente líquido de tesourería (afectado, neste caso), conforme ao artigo 177.4 do citado TRLFFLL. O remanente líquido de tesourería afectado a 31 de decembro de 2018, segundo a Conta Xeral dese exercicio, era de 7.093.050,15 euros.

5º) De conformidade co expresado na resolución de incoación e no informe de Intervención (ambos de 14.10.2019), a orixe do financiamento, como parte integrante do citado remanente líquido de tesourería, é o alleamento de bens do Patrimonio Municipal do Solo correspondente ó exercicio 2017. O saldo sen aplicar a 31 de decembro dese ano foi de 2.383.821,77 euros.

En consecuencia, propónse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno Local a proposta de adopción polo Pleno do seguinte acordo:

“Aprobar inicialmente o crédito extraordinario por importe total de 1.678.869,37 euros (modificación nº 06/2019 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante a aplicación do remanente líquido de tesourería afectado, conforme ao expresado neste informe-proposta”.

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, e sesión do 29/10/19, emite dictame favorable.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(986).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez